

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria do Concello de Carballo. Aprobación definitiva.

O Pleno da Corporación do Concello de Carballo, en sesión ordinaria do 26 de novembro de 2018, aprobou inicialmente a ordenanza reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo.

O anuncio de aprobación inicial foi publicado no BOP da Coruña nº 243 de 21 de decembro de 2018, abríndose un prazo para presentar alegacións de trinta días.

Foron presentadas alegacións no prazo regulamentario.

Na sesión ordinaria do pleno municipal do 25 de febreiro de 2019 foron resoltas as alegacións presentadas e, en consecuencia, aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora do tráfico, a mobilidade e a seguridade viaria no concello de Carballo, cuio texto íntegro se publica.

ORDENANZA MUNICIPAL, REGULADORA DO TRÁFICO, MOBILIDADE E SEGURIDADE VIARIA DO CONCELLO DE CARBALLO

Índice

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

TÍTULO PRELIMINAR: Disposicións xerais

TÍTULO PRIMEIRO: Mobilidade urbana

CAPÍTULO I: Normas xerais

CAPÍTULO II: Principio de convivencia viaria

TITULO SEGUNDO: REDE VIARIA

CAPÍTULO I: Vías e zonas abertas ao tráfico xeral

CAPÍTULO II: Vías e zonas de preferencia peonil

CAPÍTULO III: Vías e zonas peonís

CAPÍTULO IV: Vías de plataforma única

CAPÍTULO V: Zonas de prioridade invertida e regulación en circunstancias especiais

CAPÍTULO VI: Autorizacións accesos a vías de circulación

TÍTULO TERCEIRO: Calmado de tráfico, velocidade e impacto ambiental

CAPÍTULO I: Calmado de tráfico

CAPÍTULO II: Velocidade

CAPÍTULO III: Impacto ambiental

TÍTULO CUARTO: Normas de circulación urbana

CAPÍTULO I: Circulación de peóns

CAPÍTULO II: Circulación de vehículos e normas para os condutores

CAPÍTULO III: Circulación de ciclomotores e motocicletas

CAPÍTULO IV: Circulación de bicicletas

CAPÍTULO V: Circulación vehículos mobilidade persoal (VMP)

CAPÍTULO VI. Circulación camións e vehículos especiais

CAPÍTULO VII: Circulación autobuses

TÍTULO QUINTO: Sinalización

CAPÍTULO I: Normas xerais

CAPÍTULO II: Sinalización, instalación, substitución, retirada de sinais

TÍTULO SEXTO: Parada e estacionamento

CAPÍTULO I: Parada

CAPÍTULO II: Estacionamento

CAPÍTULO III: Estacionamento con horario limitado (Zona azul)

CAPÍTULO IV: Reservas para entradas e saídas de vehículos (Vaos)

CAPÍTULO V: Reservas de espazo en vía pública

TÍTULO SÉTIMO: Carga e descarga

CAPÍTULO I: Carga e descarga

TÍTULO OITAVO: Inmobilización e retirada de vehículos

CAPÍTULO I: Inmobilización

CAPÍTULO II: Retirada

CAPÍTULO III: Vehículos abandonados

TÍTULO NOVENO: Uso e actividades na vía pública

CAPÍTULO I: Actividades e obstáculos na vía pública

CAPÍTULO II: Obras

CAPÍTULO III: Elementos auxiliares de obra

CAPÍTULO IV: Outras actividades (deportivas, culturais, festas e análogos e audiovisuais)

TÍTULO X: Réxime sancionador

DISPOSICIÓN

ANEXO I: Sinalización zona azul

ANEXO II: Cadro de infraccións

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

As Entidades Locais gozan de autonomía para a xestión dos intereses que lles son propios. A Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o seu Texto Refundido establecen que a ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas será competencia das Entidades Locais, a cal será exercida dentro do límite establecido pola lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

A manifestación desta competencia, en materia de circulación, reflíctese na elaboración dunha Ordenanza que regule os aspectos relacionados coa mesma dentro do Municipio.

O feito da circulación viaria é hoxe en día consubstancial ao ser humano, sendo a actividade que máis se prodiga e a que máis vincula á poboación xa sexa na súa faceta condutora ou meramente peonil, razón pola que require unha lexislación concreta e adecuada ás súas especiais circunstancias

A capacidade normativa das Administracións Locais debe enfocarse cara á regulación das facetas específicas que constitúen a idiosincrasia do Municipio, atendendo á variedade e pluralidade do seu tecido social, co fin de mellorar a calidade de vida dos seus cidadáns.

Este Concello regula mediante a presente Ordenanza diversas cuestións en materia de tráfico co fin de exercer as competencias atribuídas aos Municipios no Real Decreto 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria e normativa concordante e complementar así a lexislación estatal e autonómica neste ámbito. Igualmente, regula determinados aspectos relativos ao réxime de utilización privativa ou aproveitamentos especiais sobre as vías públicas que, incidentalmente, gardan relación coa regulación do tráfico, a circulación de vehículos e a seguridade viaria.

É ademais importante destacar que a reforma da antiga ordenanza, está motivada tamén polo interese en establecer un marco normativo favorable para o fomento e priorización da mobilidade peonil sobre calquera outro tipo de desprazamento.

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓNS XERAIS.

Artigo 1.- Competencia.

1.- A presente Ordenanza dítase en exercicio das competencias atribuídas aos Municipios en materia de ordenación do tráfico de persoas e vehículos nas vías urbanas pola Lei de Bases do Réxime Local e polo Real Decreto 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria.

2.- Naquelas materias non reguladas expresamente nesta Ordenanza aplicaranse directa e subsidiariamente os preceptos da Lei de Seguridade Viaria e os Regulamentos ou outras normas que a desenvolvan ou podan desenvolvela nun futuro.

Artigo 2.- Obxecto.

É obxecto da presente Ordenanza:

a) A regulación dos usos das vías urbanas e travesías, de acordo coas fórmulas de cooperación ou delegación con outras Administracións, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios; compatibilizar a necesaria fluidez do tráfico rodado co uso peonil das rúas, así como fomentar a seguridade viaria e a prevención de accidentes.

b) O establecemento de medidas de limitación do estacionamento, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos e favorecer así a súa integración social.

c) Establecer os importes das sancións pecuniarias correspondentes ás distintas infraccións, respectando os límites legais na normativa con rango de Lei, e a proporcionalidade en relación coa gravidade do perigo ou dano causado.

d) a mobilidade sostible, baseada na prioridade dos modos de desprazamento, por este orde: a pé, en bicicleta, transporte público e de mercadorías e transporte privado.

Artigo 3.- Ámbito de aplicación.

1.- As normas contidas nesta Ordenanza obrigarán aos titulares e usuarios das vías e terreos públicos urbanos e os interurbanos cuxa competencia fose cedida ao Concello, que sexan aptos para a circulación ou que, sen ter tal aptitude, sexan de uso común e, en defecto doutras normas, aos titulares das vías e terreos privados que sexan utilizados por unha colectividade indeterminada de usuarios.

Mediante esta Ordenanza regúlase o uso das vías urbanas do Termo Municipal para a circulación de persoas e vehículos e será de obrigado cumprimento para todos aqueles que fan uso das mesmas.

2.- Enténdese por usuarios da vía a peóns, ciclistas, condutores, e calquera outra persoa que realice sobre a vía ou utilice a mesma para o desenvolvemento de actividades de natureza diversa, que precisarán para o seu exercicio de autorización municipal.

Artigo 4.- Obxectivos.

A ordenanza, ten entre outros os seguintes obxectivos:

- a) Facilitar a mobilidade da cidadanía, sobre todo dos peóns, ciclistas e viaxeiros de transporte colectivo.
- b) Calmar o tráfico e alcanzar unha mobilidade máis segura, reducindo ao máximo o número de accidentes e vítimas
- c) Ordenar o tráfico e reparto de mercadorías co menor prexuízo para a cidadanía
- d) Fomentar a seguridade viaria, mobilidade saudable e sostible entre todos os usuarios das vías.
- e) Adecuar a rede viaria e a ordenación do tráfico para a consecución dunha mobilidade sostible

Artigo 5.- Conceptos básicos

Servizos: Entenderase por servizos, na mobilidade motorizada, as actividades necesarias para o bo desenvolvemento da actividade económica e residencial, incluíndo, ademais da carga e descarga tradicional, as de mensaxería, reparto a domicilio, acceso a garaxes en zonas de tráfico restrinxido, transporte de vultos por residentes en edificios que carezan de garaxe ou mudanzas e actividades asimiladas.

Vía urbana: Vía pública situada dentro do casco urbano, agás as travesías

Vía ciclista: vía especificamente acondicionada para o tráfico de ciclos, coa sinalización horizontal e vertical correspondente .

Carril-bici Vía ciclista que discorre adosada á calzada, nun so sentido ou en dobre sentido.

TÍTULO PRIMEIRO: MOBILIDADE URBANA**CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS.****Artigo 6.- Medidas de ordenación e control do tráfico.**

1.- Pola autoridade municipal poderán adoptarse as medidas de ordenación do tráfico que se consideren oportunas, autorizando, modificando, restrinxindo ou prohibindo con carácter fixo ou temporal, as condicións de circulación de todos ou algúns vehículos ou peóns e reordenando ou regulando o estacionamento, as operacións de carga e descarga e o transporte de persoas ou mercancías.

2.- A Policía Local poderá modificar temporalmente a ordenación da circulación nalgunha zona da cidade e/ou prohibir o acceso de persoas ou vehículos a algún lugar, para o que poderá colocar ou retirar provisionalmente as sinais que sexan precisas e tomar as medidas que sexan necesarias, en orde á seguridade e á correcta circulación.

3.- As indicación da Policía Local en materia de estacionamento, ordenación do tráfico, circulación ou transporte de persoas, bens ou vehículos, terán prioridade sobre calquera sinalización ou normativa preexistentes, debendo ser atendidas sen dilación.

4.- A autoridade municipal poderá prohibir temporalmente o estacionamento de vehículos en zonas que teñan que ser ocupadas por actividades autorizadas ou que sexan obxecto de labores de reparación, sinalización, mantemento ou limpeza. A tal efecto delimitaranse ditas zonas, sinalizándose a prohibición con 24 horas de antelación (salvo casos de urxencia) mediante sinais informativas nas que conste o momento no que se iniciará tal medida. En ningún caso se poderá reducir, nin sequera con carácter temporal, o total de prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida. En caso que a zona ocupada coincida cunha praza de aparcamentos reservado para persoas con mobilidade reducida, deberá acondicionarse outra debidamente sinalizada no entorno adxacente ao da zona de estacionamento prohibido

CAPÍTULO II: PRINCIPIO DE CONVIVENCIA VIARIA.**Artigo 7- Usuarios.**

1.- Os usuarios das vías están obrigados a comportarse de forma que non entorpezan indebidamente a circulación nin causen perigo, prexuízos ou molestias innecesarias ás persoas, ou danos aos bens.

Artigo 8.- Obrigas da convivencia cidadán

1.- A convivencia, supón a obriga de que as persoas usuarias das vías e espazos públicos respecten a convivencia co resto e velen pola súa seguridade, dando prioridade ao peón ou no seu defecto a quen empregue o vehículo que ofrezca menos protección aos seus ocupantes. É un concepto máis amplo que a seguridade viaria pois contempla tamén evitar actuacións que poidan supoñer molestias ou prexuízos ás outras persoas (dificultar a mobilidade dos demais, non ter en conta a saúde pública e o medio ambiente urbano como efectos de determinadas conductas en materia de mobilidade, afectar especialmente a colectivos especialmente vulnerables, etcétera).

2.- As persoas con mobilidade reducida terán prioridade, en calquera caso, sobre o resto de persoas usuarias e aquelas que circulen con cadeiras de rodas ou triciclos ou outros vehículos de mobilidade urbana poderán facelo, ademais de polos lugares destinados ao resto, polas vías ciclistas da tipoloxía beirarrúa-bici, onde tamén disporán de prioridade.

3.- As persoas que se despracen con patíns, monopatíns e patinetes naqueles espazos compartidos co peón deberán acomodar a súa marcha á dos peóns, evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo. En ningún caso terán prioridade respecto dos peóns.

Artigo 9.- Obrigas dos peóns

Os peóns, ademais de cumprir coas normas de circulación, deben facilitar o tránsito dos demais viandantes, así como coidar o espazo público, sen ensucialo nin danando o mobiliario urbano.

Terán a consideración de peón:

- 1) A persoa que, sen ser condutor, transita a pé polos espazos e vías públicas.
- 2) As persoas que empurren ou arrastran un carro de neno/a ou dunha persoa con discapacidade ou calquera outro vehículo sen motor de pequenas dimensións, os que conducen a pé un ciclo ou ciclomotor de dúas rodas e as persoas con discapacidade que circulan ao paso dunha cadeira de rodas con ou sen motor

Artigo 10.- Obrigas dos condutores.

1.- A persoa que conduza un vehículo, sexa a motor ou non, ademais de cumprir coas normas de circulación, deberá facelo sen agresividade e co civismo necesario respectando sempre aos demais usuarios da vía.

2.- .Naqueles carrís que se teñan sinalizado especificamente cun límite de velocidade máxima de 30 km/h nos que a normativa vixente limite a velocidade máxima de circulación a 30 km/h , os vehículos motorizados haberán de adaptar a súa velocidade á da bicicleta e aos ciclos, non permitíndose os adiantamentos ás bicicletas, ciclos ou vehículos para persoas con mobilidade reducida no mesmo carril de circulación, nin con fustigación por parte das persoas condutoras de vehículos a motor cara os/as condutores/as de bicicletas, ciclos ou vehículos para persoas con mobilidade reducida.

3.- As persoas que conduzan vehículos motorizados que queiran adiantar a un ou unha ciclista deberán extremar as precaucións cambiando de carril de circulación deixando un espazo lateral mínimo de 1,5 metros que garante a seguridade entre a bicicleta e o vehículo motorizado que pretende adiantala. Así mesmo, cando estean circulando detrás dunha bicicleta, manterán unha distancia de seguridade prudencial e proporcional á velocidade.

TÍTULO SEGUNDO: A REDE VIARIA.

CAPÍTULO I: VIAS E ZONAS ABERTAS AO TRÁFICO XERAL.

Artigo 11.- Vías abertas ao tráfico xeral

1.- As vías abertas ao tráfico xeral son as urbanas e interurbanas ou de núcleo , nas que en principio poden circular todo tipo de vehículos, pero con restricións en razón da masa máxima autorizada.

2.- Sinalizaranse nas entradas á cidade o límite da masa máxima autorizada dos vehículos que poden circular polo casco urbano.

Salvo permiso expreso non poderán circular por estas vías vehículos de mercadorías cuxa masa máxima autorizada superior os 3500 kg

3.- Por circunstancias específicas o Concello pode restrinxir temporalmente a circulación nalgunha destas vías.

CAPÍTULO II: VIAS E ZONAS DE PREFERENCIA PEONIL.

Artigo 12.- Vías de preferencia peonil.

1.- As vías de preferencia peonil son as concibidas para uso prioritario de peóns, aínda que compartido co paso xeral ou restrinxido de vehículos.

a.- Nestas vías os condutores de vehículos darán sempre prioridade aos peóns

b.- A velocidade máxima dos vehículos será de 20 km por hora

c.- Os vehículos so poderán estacionar naqueles lugares debidamente sinalizados para tal efecto

d.- Os peóns non deberán dificultar inxustificadamente o paso dos vehículos.

Artigo 13.- Vías de tráfico restrinxido.

1.- As vías de tráfico restrinxido son rúas de preferencia peonil, e de circulación prohibida a vehículos, salvo vehículos de residentes, de servizo, de servizos públicos e de reparto de mercadorías no horario establecido .

2.- A prohibición de circulación e de estacionamento poderá establecerse con carácter permanente ou referirse unicamente a unhas determinadas horas do día ou a uns determinados días, e poderá afectar a todas ou só algunhas das vías da zona delimitada.

3.- A circulación e estacionamento de vehículos poderá:

a.- Comprender a totalidade das vías que estean delimitadas polo seu perímetro ou unicamente algunhas.

b.- Limitarse ou non a un horario preestablecido

c.- Ser de carácter fixo ou referirse só a determinados días da semana

d.- Ser con carácter permanente ou non

4.- A carga e descarga de mercancía poderá facerse con limitación horaria sinalada ao efecto con vehículos de masa máxima autorizada ata 3.500 kg.

Os de masa máxima autorizada superior deberán ter autorización da Policía Local.

CAPÍTULO III: VIAS E ZONAS PEONIS.

Artigo 14.- Vías peonís.

1.- Son vías peonís as que a Lei de tráfico define no sue Anexo I como “parte da vía elevada ou delimitada doutra maneira, reservada á circulación de peóns. Inclúe esta definición a beirarrúa, beiravía e o paseo” engadindo a este concepto ás rúas e prazas declaradas de preferencia peonil polo Concello, pasos de peóns sen semáforo en calquera vía, ou cando estando semaforizados estean en verde para os peóns ou apagados.

2.- Nas plataformas únicas a preferencia será sempre peonil.

3.- O Concello poderá establecer rúas ou zonas peonís, onde a circulación estará prohibida para todo tipo de vehículos, agás os de emerxencia, seguridade e residentes.

Artigo 15.- Sinalización das zonas peonís.

Na entrada e saída das zonas peonís, a autoridade Municipal poderá utilizar elementos móbiles ou fixos que impidan o acceso e circulación de vehículos polo interior da zona afectada.

Artigo 16.- Vehículos que poden circular e estacionar nas zonas peonís.

Calquera que sexan as limitacións establecidas, non impedirán á circulación nin ao estacionamento dos seguintes vehículos:

a.- Os de servizo e extinción de incendios e salvamento, os da Policía, ambulancias e en xeral vehículos de emerxencia, así como os vehículos de servizos públicos (lixo, auga, iluminación, ...) para a prestación do servizo correspondente.

b.- Os que transporten persoas enfermas, ou persoas con mobilidade reducida, incluídos vehículos de transporte discrecional, con domicilio nesa área.

c.- Os que xurdan dun garaxe autorizado na zona ou que se dirixan a el.

d.- Os vehículos autorizados que efectúen labores de carga e descarga nas rúas e ás horas en que así se autorice, e durante o tempo imprescindible para cargar ou descargar.

e.- Os vehículos destinados a operacións de mudanzas de mobles e pertenzas terán acceso á zona e permiso para estacionar nas condicións e horarios establecidos, para cada caso, na autorización municipal correspondente.

f.- Os vehículos expresamente excluídos desta prohibición por resolución motivada da autoridade municipal.

CAPÍTULO IV: VIAS DE PLATAFORMA ÚNICA.

Artigo 17.- Zonas de plataforma única.

Zonas de plataforma única de calzada e beirarrúa: Zona especialmente deseñada e acondicionada para favorecer o tránsito peonil, e na que os vehículos non poderán circular a velocidade superior a 20 km/h. Nela o peón goza de prioridade de paso en calquera punto da calzada. Nestas zonas se reduce ao mínimo a sinalización horizontal e vertical.

Nestas rúas os vehículos non poderán estacionarse máis que nos lugares indicados por sinais ou por marcas vias. Dado que os peóns terán prioridade en toda a rúa, non será necesario implantar pasos peonís formais.

CAPÍTULO V: ZONA DE PRIORIDADE INVERTIDA E REGULACIÓN EN CIRCUNSTANCIAS ESPECIAS.

Artigo 18.- Zonas de prioridade invertida e regulación de tráfico en circunstancias especiais.

1.- A Administración Municipal poderá establecer zonas nas cales as condicións de circulación de vehículos queden restrinxidas a favor da circulación e uso da calzada por parte dos peóns.

2.- Cando circunstancias especiais así o requiran, a Autoridade Municipal, por medio da Policía Local, poderá tomar as medidas que sexan oportunas para a adecuada regulación do tráfico, tales como:

a) A restrición ou prohibición da circulación de vehículos en xeral ou dunha categoría en particular por determinadas zonas de poboación.

b) A canalización do tráfico por determinadas vías.

c) A reordenación, restrición ou prohibición da parada ou o estacionamento en determinadas vías.

CAPÍTULO VI: AUTORIZACIÓNS DE ACCESOS A VÍAS DE CIRCULACIÓN.**Artigo 19.- Distintivos dos vehículos nas zonas peonís.**

O Concello poderá ordenar a utilización de distintivos para identificar aos vehículos autorizados a circular nas zonas restrinxidas, que deberán colocarse en lugar visible, preferentemente no parabrisas.

Artigo 20.- Autorización de acceso a vías de tráfico restrinxido ou peonís

1.- Salvo na franxa horaria na que sexa permitido o paso de vehículos, o acceso de vehículos a motor a vías de tráfico restrinxido e peonil requirirá autorización municipal.

Poderán solicitar autorización para acceso a unha determinada vía:

- a.- Os residentes nela
- b.- Os que sen residir nela, acrediten ter praza de garaxe en propiedade, ou arrendamento, na zona de acceso restrinxido
- c.- As persoas con mobilidade reducida
- d.- As persoas que acrediten ter negocio de distribución de mercadorías dentro da zona peonil
- e.- Os xerentes de negocios situados na zona de tráfico restrinxido que requiran de maneira necesaria o acceso dos seus clientes en vehículos a motor como hoteis ou talleres de coche.

2.- Na solicitude farase constar a marca e a matriculación do vehículo para o que se solicita a autorización, e acredítase documentalmentemente o cumprimento do requisito para ser solicitante.

Artigo 21.- Autorización de acceso para camións e vehículos especiais.

A autorización para este tipo de vehículos, sen prexuízo das que fosen precisas pola normativa vixente, deberá solicitar-se cunha antelación mínima (salvo casos de urxencia) de 48 horas á data prevista para entrada no Concello.

- 1) A autorización deberá ter especificado o horario de tránsito polo Concello e o recorrido
- 2) O solicitante será o responsable da viabilidade do recorrido
- 3) Os transportes especiais irán acompañados da Policía Local.

TITULO TERCEIRO: CALMADO DE TRÁFICO, VELOCIDADE E IMPACTO AMBIENTAL.**CAPÍTULO I: CALMADO DO TRÁFICO.****Artigo 22.- Concepto, funcións e fins do calmado de tráfico.**

1. Enténdese por “calmado de tráfico” o conxunto de medidas dirixidas a reducir a intensidade do tráfico e a velocidade dos vehículos a motor.

O calmado de tráfico cumpre, entre outras, unha función disuasoria do uso de vehículos a motor e unha función garantista da seguridade de todos os usuarios da rede viaria e do medio ambiente.

O calmado de tráfico ten como metas diminuír o uso de vehículos a motor, baixar a taxa de sinistralidade, promover o uso de formas activas de desprazamento, sobre todo a pé e en bicicleta, reducir a contaminación acústica e aérea e, en definitiva, facer unha localidade máis saudable e segura.

2.-As opcións poden e deben ser diferentes segundo as circunstancias:

- a.-Rotondas
- b.-Redución dos límites de velocidade
- c.-Sinalización
- d.-Estreitamento das vías
- e.-Ampliación de beirarrúas...

3.- De non ser posibles estas opcións tamén se poden instalar dispositivos modificadores da superficie de rodaxe na calzada, como reductores de velocidade ou lombos transversais. Estes dispositivos deberán adecuarse á normativa técnica vixente sobre a materia, e estar sinalizados horizontal e verticalmente.

CAPÍTULO II: VELOCIDADE.**Artigo 23.- Velocidade dos vehículos que circulen por núcleo urbano.**

1.- O límite máximo autorizado de velocidade a que poderán circular os vehículos por vías urbanas, definidas nesta ordenanza, fíxase en 30 Km/h, dentro dos parámetros establecidos no art. 50 do Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro.

2.- No restante viario municipal, os límites de velocidade ao que poderán circular os vehículos establécese en función da clasificación e características da vía, sen superar os límites máximos que de seguida se relacionan e sen prexuízo das maiores limitacións que determinadas características das vías aconsellen, así como aquelas concretas e puntuais referidas a interseccións, cruces perigosos, curvas, trancos de rasante ou semellantes.

| Tipo de Vías | Con beirarrúas ou beiravías laterais para peóns e ciclistas | Sen elas |
|---------------------|---|----------|
| Estrada | 60 Km/h | 40 Km/h |
| Travesías de núcleo | 40 Km/h | 30 Km/h |
| Travesías urbanas | 30 Km/h | 30 Km/h |
| Plataforma Única | - | 20 km/h |

3.- En calquera tipo de vías municipais poderanse reducir este límites, por acordo da autoridade municipal de goberno correspondente, polo procedemento establecido e previa audiencia ao movemento asociativo e as organizacións representativas dos intereses afectados recoñecidas pola lei, mantendo o obxectivo de harmonización coas demais vías urbanas, co viario de núcleo e, en xeral co viario municipal.

4.- Nas áreas peonís, cando a circulación de determinados vehículos estea autorizada, ou en lugares de moita afluencia, as persoas que conduzan vehículos reducirán a súa velocidade ao paso normal dos peóns, mesmo ata deterse se fose preciso, e tomaranse as precaucións necesarias para evitar accidentes.

5.- Igualmente, tomaranse as precaucións necesarias para evitar accidentes ou molestias aos viandantes no caso de mal estado do pavimento, estreitamento da calzada, obras, condicións meteorolóxicas adversas, etc.

6.- Nas entradas do entorno urbano, estará debidamente sinalizado o límite de velocidade.

CAPÍTULO III: IMPACTO AMBIENTAL.**Artigo 24.- Emisión de perturbacións e contaminantes.**

1.- Non poderán circular polas vías obxecto desta Ordenanza os vehículos con niveis de emisión de ruído superiores aos regulamentariamente establecidos; así como tampouco emitindo gases ou fumes en valores superiores aos límites establecidos e nos supostos de ser obxecto dunha reforma de importancia non autorizada.

Todos os condutores de vehículos quedan obrigados a colaborar nas probas regulamentarias de detección que permitan comprobar as posibles deficiencias e reformas indicadas.

2.- Tanto nas vía públicas urbanas como nas interurbanas prohíbese a circulación de vehículos a motor e ciclomotores co chamado escape libre, sen o preceptivo silenciador das explosións.

Prohíbese, así mesmo, a circulación dos vehículos mencionados cando os gases expulsados polos motores, en lugar de atravesar un silenciador eficaz, saian desde o motor a través dun incompleto, inadecuado, deteriorado ou a través de tubos resoadores e a dos de motor de combustión interna que circulen sen acharse dotados dun dispositivo que evite a proxección descendente ao exterior de combustible non queimado ou lancen fumes que poidan dificultar a visibilidade aos condutores doutros vehículos ou resulten nocivos.

Os axentes da autoridade poderán inmovilizar o vehículo no caso de que supere os niveis de gases, fumes e rúdos permitidos regulamentariamente, segundo o tipo de vehículo.

3.- Queda prohibida a emisión dos contaminantes a que se refire o apartado 1 producida por vehículos a motor por encima das limitacións previstas nas normas reguladoras dos vehículos.

4.- Igualmente queda prohibida a dita emisión por outros focos emisores de contaminantes distintos dos producidos por vehículos a motor, calquera que fose a súa natureza, por encima dos niveis que o Goberno estableza con carácter xeral.

Quedan prohibidos, en concreto, os vertedoiros de lixo e residuos dentro da zona de afección das estradas, en todo caso, e fora dela cando exista perigo de que o fume producido pola incineración do lixo ou incendios ocasionais poida alcanzar a estrada.

5.- Non está permitido o derrame de líquidos ou fluídos propios de vehículos ou maquinaria ou da súa carga. Os causantes dos derrames, deberán poñerlle remedio de maneira inmediata, sinalizando o lugar por si puidese ocasionar accidentes, e sen prexuízo de ser sancionados di a acción foi voluntaria ou negligente.

TITULO CUARTO: NORMAS DE CIRCULACION URBANA.

CAPÍTULO I: CIRCULACIÓN DE PEÓNS.

Artigo 25.- Normas de comportamento dos peóns.

1.- Os peóns transitarán polas beirarrúas, as plataformas ou os paseos, preferentemente pola súa dereita, de forma que non obstrúan ou dificulten a circulación por elas doutros viandantes, gozando sempre de preferencia as persoas de mobilidade reducida. Nas vías urbanas sen beirarrúas ou con beirarrúas que non permitan o paso simultáneo de dúas persoas, pero que estean abertas ao tráfico de vehículos, os peóns han de extremar as precaucións e circular cerca das fachadas dos edificios, polo lugar máis afastado do centro da calzada no resto das vías segundo normativa de tráfico.

2.- Os peóns utilizarán os pasos sinalizados para cruzar as calzadas e, nos lugares que carezan destes, farano polos extremos das mazás, perpendicularmente á calzada, asegurándose antes da non proximidade dalgún vehículo.

3.- Ao chegar a unha praza ou rotonda, os peóns deberán rodeala, salvo que estea habilitado un paso para cruzala.

4.- Nos pasos de peóns regulados por semáforo, os peóns deberán respectar as súas sinais ou fases que lles afecten, así como calquera outro tipo de sinalización específica da vía pública.

5.- Os peóns deberán respectar as sinais dos Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico, e seguir as súas indicacións.

CAPÍTULO II: CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS E NORMAS PARA OS CONDUCTORES.

Artigo 26.- Circulación de vehículos e normas para os condutores.

1.- Os condutores deberán estar en todo momento en condicións de controlar os seus vehículos. Ao aproximarse a outros usuarios da vía, deberán adoptar as precaucións necesarias para a súa seguridade, especialmente cando se trate de nenos, ou persoas con mobilidade reducida.

2.- O condutor dun vehículo está obrigado a manter a súa propia liberdade de movementos, o campo necesario de visión e a atención permanente á conducción, que garantan a súa propia seguridade, a do resto dos ocupantes do vehículo e a dos demais usuarios da vía. A estes efectos, deberá coidar especialmente de manter a posición adecuada e que a manteña o resto dos pasaxeiros e a adecuada colocación dos obxectos ou animais transportados, de forma que non haxa interferencia entre o condutor e calquera deles.

3.- Considérase incompatible coa obrigatoria atención permanente á conducción o uso polo condutor, co vehículo en movemento, de dispositivos que distraian a atención do condutor

4.- Ao subir ou baixar do vehículo a motor, os condutores e demais ocupantes non deberán abrir as portas antes da súa completa inmovilización e abrirlas ou apearse do vehículo sen terse asegurado previamente de que elo non implica perigo ou entorpecemento para outros usuarios.

5.- Os condutores de vehículos motorizados que queiran adiantar a un ciclista en zona urbana deberán extremar as precaucións, cambiando de carril de circulación e deixando un espazo lateral suficiente (1,50m) que garanta a seguridade entre a bicicleta e o vehículo motorizado que pretenda adiantala

6.- Cando un vehículo motorizado circule detrás dunha bicicleta, manterá unha distancia de seguridade prudencial e proporcional á velocidade, que nunca deberá ser inferior aos 5 metros. Esta distancia aumentará en proporción á velocidade coa que o vehículo motorizado circule pola vía.

CAPÍTULO III: CIRCULACIÓN DE MOTOCICLETAS E CICLOMOTORES.

Artigo 27.- Circulación de motocicletas e ciclomotores.

As motocicletas e os ciclomotores non poden circular polas beirarrúas, paseos nin carril bici.

Aos efectos da presente ordenanza, os ciclomotores e motocicletas, quedan equiparados aos vehículos a motor.

CAPÍTULO IV: CIRCULACIÓN DE BICICLETAS.

Artigo 28.- Circulación de bicicletas.

1.- Os usuarios da bicicleta deberán cumprir coas normas de circulación adoptando as medidas necesarias para garantir a convivencia co resto de vehículos e peóns en condicións de seguridade viaria.

En ningún caso os ciclistas poderán circular levantándose sobre unha soa roda, avanzar soltando do manillar as dúas mans á vez, agarrarse a un vehículo para ser remolcados ou avanzar en zigzag.

2.- As bicicletas deberán estar dotadas dos elementos reflectantes debidamente homologados que regulamentariamente se determinen e que deberán posuír estes vehículos con arranxo a normativa vixente. Cando sexa obrigatorio o uso de alumeados, os condutores de bicicletas deberán, ademais, levar colocada algunha prenda reflectante, se circulan por vía interurbana.

3.- O ciclista deberá advertir con tempo suficiente calquera manobra que vaia realizar e que supoña afección ao resto de usuarios, realizando os sinais establecidos nas normas xerais que regulan o tráfico.

4.- As bicicletas circularán pola calzada, respetando sempre a dirección da vía, por carrís específicos (caso de haberlos) ou zonas habilitadas para tal fin. Cando se circule pola calzada farase normalmente pola parte central do carril, se ben poderase utilizar unha zona distinta do carril cando as circunstancias do tráfico ou da vía así o aconsellen. Permítese a circulación de dous ciclistas en paralelo dentro do mesmo carril de circulación.

No entorno urbano o máis seguro é que o ciclista circule polo centro do carril, deixando o suficiente espazo á dereita para evitar obstáculos (portas abertas de vehículos, peóns despistados, etc.) e para reaccionar cando lle adiante alguén que non respecte as normas de tráfico).

5.- En vías con máis dun carril por sentido, circularán preferentemente polo carril situado máis á dereita, se ben poderán utilizar o resto de carriles para facilitar o itinerario a realizar ou debido a outras circunstancias nas condicións do tráfico.

6.- A circulación polas demais vías ou zonas peonís, realizarana conforme ao establecido na ordenanza para estas vías.

7.- Na circulación en rotondas o ciclista tomará a parte da mesma que precise para deixarse ver e ser predicible. Ante a presenza dun ciclista o resto de vehículos reducirán a velocidade e evitarán cortar a súa traxectoria.

8.- Con carácter xeral e salvo o expresamente indicado nesta Ordenanza, prohibese a circulación de bicicletas polas beirarrúas, rúas e zonas peonís. Cando o ciclista precise acceder a estas, deberá facelo desmontando da bicicleta e transitando con ela en man ata o seu destino ou lugar de estacionamento, actuando para todos os efectos como peón.

9.- Con carácter excepcional os nenos menores de 12 anos poderán circular en bicicletas polas beirarrúas, zonas peonís e rúas peonís que non fosen declaradas de especial protección para o peón cando cumpran os seguintes requisitos: que vaian acompañados por unha persoa adulta a pé; que ningún delas exceda en ningún caso os 10 km/h; e que circulen e transiten respectando a prioridade dos peóns e as condicións de seguridade viaria do resto de usuarios.

10.- Cando os ciclistas circulen en grupo polas vías urbanas deberán respectar individualmente a sinalización semafórica que lles afecte.

11.- Onde houbese carril bici, a circulación dará prioridade de paso ás bicicletas con respecto aos vehículos de motor, incluíndo cando os vehículos de motor realicen, nas calzadas, manobras de xiro a dereita e esquerda e corten o sentido da marcha da persoa ciclista.

12.- Con obxecto de dar continuidade a un itinerario ciclista permitírase o paso por determinadas áreas estanciais ou outros espazos peonís polas zonas de paso que se habiliten para o efecto.

13.- No caso de que a densidade peonil non permita a circulación do ciclista sen realizar quebras ou manobras bruscas, o mesmo deberá desmontar da bicicleta e continuar a súa marcha a pé respectándose en todo momento a prioridade que ten o peón nestes espazos.

14.- Os peóns cruzarán os carrís bici preferentemente polos pasos de peóns sinalizados para o efecto. En caso de atravesar o carril-bici fóra dos mesmos, os peóns deberán asegurarse de que poden facelo sen risco nin entorpecemento indebido.

Artigo 29.- Transporte de persoas, animais e mercadorías en bicicletas con ou sen remolque.

1.- Nas bicicletas que por construción se poda pedalea unha persoa, poderase transportar a menores de sete anos, sempre que contén coa correspondente homologación para elo e sexa conducida por unha persoa maior de idade.

2.- Nas bicicletas poderase transportar carga, pasaxeiros ou mascotas, e utilizar para iso cadeiras, remolques, semi-remolques ou semibicis, nos termos e coas limitacións impostas pola normativa estatal de aplicación. Tanto os elementos constitutivos da bicicleta como os remolques deberán estar debidamente homologados ou certificados.

O transporte de mascotas deberá realizarse en transportín debidamente ancorado e con suxeición do animal.

O transporte de persoas e mercadorías deberá efectuarse de tal forma que non poidan:

- a) Arrastrar, caer total ou parcialmente, ou desprazarse de maneira perigosa.
- b) Comprometer a estabilidade do vehículo.
- c) Provocar molestias que poidan ser evitadas.
- d) Ocultar dispositivos de iluminación ou elementos reflectores

3.- Por motivos de seguridade viaria, nas bicicletas destinadas ao transporte de persoas e a distribución de mercadorías é obrigatorio:

- a) O uso de casco na súa condución.
- b) A contratación de seguros de responsabilidade civil que cubran os posibles danos ás persoas usuarias e a terceiras.
- c) Someter o vehículo a mantemento preventivo e correctivo.

3.- Prohíbese a circulación de ciclos configurados para a súa ocupación por máis de dous ocupantes, sen prexuízo do disposto na presente ordenanza para os vehículos de mobilidade urbana.

CAPITULO V: CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOBILIDADE PERSOAL.

Artigo 30.- Vehículos de mobilidade persoal (VMP). Definición.

Seguindo o indicado na Instrución 16/V-124 da DGT,

1- Son vehículos de mobilidade persoal (VMP) aqueles a os que a normativa estatal lles conceda a devandita condición.

2.- Os VMP, en función das súas diferentes características se clasifican nas tipoloxías A, B, C0, C1 e C2 recollidas ao remate deste capítulo.

3.- Características xerais.

a. A idade permitida para circular con un vehículo de mobilidade persoal polas vías e espazos públicos é de 16 anos. Os menores de 16 anos so poderán facer uso de vehículos de mobilidade persoal cando estes resulten axeitados á súa idade, altura e peso, fora das zonas de circulación, en espazos pechados ao tráfico, e acompañados e baixo a responsabilidade dos seus proxenitores ou titores. No caso de transportar persoas nun dispositivo homologado, os condutores deben ser maiores de idade.

b. Deberase circular coa dilixencia e precaución necesarias para evitar danos propios ou alleos, evitando poñer en perigo ao resto de usuarios da vía.

c. Queda prohibido circular con auriculares ou cascos conectados a aparatos receptores ou reprodutores de son.

d. En todo momento respectaranse as normas de circulación establecidas na presente Ordenanza así como demais normativa e lexislación vixente en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria.

4.- As persoas usuarias de vehículos de mobilidade urbana do tipo B deben levar casco.

5.- Os VMP das tipoloxías B e C deben levar timbre, luces e elementos reflectantes debidamente homologados.

Artigo 31.- Circulación.

1.- No canto á regulación da circulación dos VMP dispónse o seguinte en función do tipo de vía e do vehículo:

a) Con carácter xeral, prohíbese a circulación dos VMP por beirarrúas e demais espazos reservados con carácter exclusivo para o tránsito, estancia e espaxemento de peóns.

b) Os VMP dos tipos A, B e C poderán circular por ciclocalles, carriles bici protexidos e pistas bici sempre que a anchura do vehículo o permita en condicións de seguridade, e polas calzadas de rúas residenciais con velocidade sinalizada limitada a 20km/h.

c) Os VMP dos tipos B e C, pola calzada de rúas de plataforma única, nas que existe unha coexistencia entre vehículos e peóns mediante o acondicionamento e sinalización correspondente, sendo a velocidade máxima na banda de circulación de 20 km/h. A prioridade nelas corresponde ao peón.

d) Nos VMP do tipo C, pola calzada de rúas nas que a velocidade máxima de circulación sexa de 30 km/h e polas vías ciclistas acondicionadas da tipoloxía ciclo carril.

e) Nos parques públicos non poderán circular os VMP do tipo B,C0, C1 e C2.

Nos parques públicos, nos que estea permitida a circulación de bicicletas os tipo A poderán permitirse, non podendo exceder os 10 km/h (paso dunha persoa) cando o espazo sexa compartido cos peóns , e debendo respectar sempre a prioridade do peón. En ningún caso poderán circular sobre zonas axardinadas

2.- Permítese o estacionamento dos VMP correspondentes á tipoloxía C nas bandas de estacionamento.

| Características | A | B | C0 | C1 | C2 |
|--|---------|---------|----------|----------|----------|
| Velocidad máx. | 20 km/h | 30 km/h | 45 km/h | 45 km/h | 45 km/h |
| Masa | ≤ 25 kg | ≤ 50 kg | ≤ 300 kg | ≤ 300 kg | ≤ 300 kg |
| Capacidad máx. (pers.) | 1 | 1 | 1 | 3 | 3 |
| Ancho máx. | 0,6 m | 0,8 m | 1,5 m | 1,5 m | 1,5 m |
| Radio giro máx. | 1 m | 2 m | 2 m | 2 m | 2 m |
| Peligrosidad superficie frontal | 1 | 3 | 3 | 3 | 3 |
| Altura máx. | 2,1 m | 2,1 m | 2,1 m | 2,1 m | 2,1 m |
| Longitud máx. | 1 m | 1,9 m | 1,9 m | 1,9 m | 1,9 m |
| Timbre | NO | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ |
| Frenada | NO | SÍ | SÍ | SÍ | SÍ |
| DUM (distribución urbana mercancías) | NO | NO | NO | NO | SÍ |
| Transporte viajeros mediante pago de un precio | NO | NO | NO | SI | NO |

Los VMP se clasifican en función de la altura y de los ángulos peligrosos que puedan provocar daños a una persona en un atropello. Se definen como ángulos peligrosos aquellos inferiores a 110° orientados en sentido de avance del VMP, o verso el conductor o pasajeros.



4 niveles de peligrosidad:

- Altura frontal inferior a 0.5 m sin ángulos peligrosos
- Altura frontal superior a 0.5 m sin ángulos peligrosos
- Altura frontal inferior a 0.5 m con ángulos peligrosos
- Altura frontal superior a 0.5 m con ángulos peligrosos

CAPITULO VI: CIRCULACION DE CAMIÓN E VEHÍCULOS ESPECIAIS.

Artigo 32.- Mercadorías perigosas.

Terán a consideración de mercadorías perigosas, aquelas cun contido susceptible de inflamarse, estourar, producir corrosión ou calquera acción química que poida ocasionar deterioro da saúde das persoas ou danos ás cousas.

Artigo 33.- Transporte de mercadorías perigosas.

1.- O transporte de mercadorías perigosas someterase ao establecido na normativa vixente e efectuarase en vehículos habilitados para este fin, esixíndose que contén coas revisións técnicas que correspondan, que leven na carrozaría os paneis indicativos do material.

2.- O tránsito de mercadorías perigosas esixirá o correspondente permiso municipal, que deberá de solicitarse cunha antelación mínima de 48 horas co obxecto de que a Policía poida tomar as medidas necesarias.

Artigo 34.- Itinerarios.

O transporte de mercadorías perigosas en tránsito empregarán os itinerarios determinados pola autoridade municipal.

Artigo 35.- Estacionamento.

Os vehículos que transportan mercadorías perigosas só poderán estacionar nas instalacións das empresas titulares ou contratantes do servizo, sempre que reúnan as condicións de seguridade legalmente admitidas.

CAPÍTULO VII: ZONAS DE RESERVA PARA AUTOBUSES.

Artigo 36.- Obxecto.

1.- O presente capítulo ten por obxecto a ordenación do procedemento de establecemento de zonas de reserva de estacionamento para paradas de autobuses nas vías locais nos núcleos urbanos do Concello de Carballo, a regulación do procedemento de concesión das autorizacións para a súa utilización, as condicións dos usos das mesmas, así coma as condicións xerais de circulación dos vehículos autobuses polos núcleos urbanos do Concello de Carballo, ao abeiro do disposto nos arts. 4. 1. a) e 25. 2. b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así coma do disposto na demais normativa reguladora do tráfico e da seguridade viaria.

SECCIÓN PRIMEIRA: Procedemento de establecemento de zonas de reserva de estacionamento para paradas de autobuses.

Artigo 37.- Réxime de establecemento.

As zonas de reserva de estacionamento para paradas de autobuses poderán ser establecidas de oficio polo Concello ou ben a solicitude de interesados. En todo caso, estará suxeita a autorización previa e expresa a utilización dos espazos reservados.

Artigo 38.- Establecemento de oficio.

1.- Corresponde á Alcaldía-Presidencia, ou ao órgano ou persoa en que delegue, autorizar o establecemento de zonas reservadas para paradas de autobuses nas zonas de estacionamento integrantes do dominio público local.

2.- Nestes casos, previo informe do Concello, establecerase a zona de reserva de estacionamento para parada de autobuses, facendo constar a situación da mesma –rúa e altura da mesma á que se sitúa- en plano de situación oficial, a súa lonxitude, a referencia alfanumérica de identificación e os horarios inicialmente previstos de autorización de uso das mesmas.

3.- Unha vez establecida, será convenientemente sinalizada, colocando a sinalización horizontal e vertical pertinente, facendo constar, en todo caso a referencia identificativa da zona e os horarios en que rexe a reserva. Os horarios poderán ser modificados polo Concello, cando as circunstancias o aconsellen

As ditas zonas deberán ter unha lonxitude e anchura adecuada ao tipo de vehículos para os que se reservan.

4.- Fóra dos horarios de reserva, as zonas de paradas de autobuses poderán ser utilizadas para estacionar, polos demais vehículos, estando obrigados, non obstante, a retiralos antes do inicio dos períodos reservados para a realización de paradas.

5.- Corresponde, igualmente, á Alcaldía, ou órgano/persoa en que delegue, acordar a supresión das zonas cando así se estime convinte, previo informe do Departamento responsable.

Artigo 39.- Establecemento de paradas a solicitude de interesados.

1.- Poderán establecerse zonas de reserva de estacionamento para carga e descarga de viaxeiros a solicitude de persoas interesadas, cando así se considere oportuno.

2.- Teñen a condición de interesados:

a) As persoas físicas ou xurídicas que sexan titulares da explotación dunha liña regular de transportes de viaxeiros por estrada debidamente concedida pola Administración correspondente, e que deban prestar o servizo cruzando a través das entidades de poboación do Concello onde rexa esta Ordenanza. Igualmente, os transportistas de viaxeiros en liñas de autobuses que se dediquen a tarefas de transporte escolar e desexen realizar movementos de pasaxe nas ditas zonas.

b) As asociacións/entidades que agrupen a calquera dos anteriormente sinalados.

c) Os veciños de calquera núcleo de poboación do Concello, de xeito individual ou colectivo, cando o establecemento redunde no seu beneficio.

d) As institucións públicas, cando redunde no beneficio dos seus intereses lexítimos ou dos servizos que teñan encomendados.

3.- A implantación das zonas non supón gravame fiscal algún, dado que serán os titulares das entidades que realicen os transportes e disfruten, no seu propio beneficio, da reserva do solo nas vías públicas locais para a mellor captación de clientes, os suxeitos pasivos nos termos que contemple a respectiva Ordenanza Fiscal do Concello.

4.- Para o establecemento das zonas, serán criterios de obrigada observancia na toma de decisión pertinente:

a) A inexistencia doutra zona próxima que poida cumprir as mesmas funcións.

b) O volume de actividade de poboación da zona.

- c) O número de liñas de transporte afectadas.
- d) Que non se vexa gravemente merada a dispoñibilidade de suficientes prazas de estacionamento de automóbiles de turismo na zona.
- e) Que non afecte ás reservas de vaos permanentes existentes na zona, nin a calquera outros accesos a garaxes. Non poderán establecerse zonas de reserva de estacionamento para paradas de autobuses que obstrúan saídas de garaxes debidamente autorizadas.
- f) Que non supoña perigo nin repercuta negativamente no tráfico rodado nin de peóns na zona.
- g) Que sexa adecuado ás condicións de firme e sinalización da vía, así coma á anchura e lonxitude da mesma.
- h) Que a beirarrúa ofrezca condicións mínimas para a espera e acumulación de peóns-pasaxeiros á espera do transporte.
- i) Que o aproveitamento sexa periódico e intensivo, en aras a evitar a creación de zonas de escasa utilización.
- k) Que non se atope situada na proximidade das zonas semafóricas nas que poida repercutir negativamente no tráfico de vehículos.

5.- Os interesados no establecemento dunha parada de autobuses solicitarano por escrito dirixido á Alcaldía-Presidencia, ao que se xuntará unha pequena memoria explicativa da necesidade e das condicións que estimen oportunas para o establecemento da mesma.

6.- Corresponde á Alcaldía, motivadamente, decidir sobre a conveniencia do establecemento das ditas zonas.

Artigo 40.- Solicitude de autorización de utilización das paradas.

1.- Os interesados no outorgamento da autorización, deberán presentar a seguinte documentación:

- a) A solicitude propiamente dita, debidamente cumprimentada segundo as instrucións que constan ao dorso do modelo oficial.
- b) Certificación da titularidade de concesión de transporte de viaxeiros de detalle da liña á que se refire expedida pola Administración competente.
- c) Fotocopia do NIF da entidade interesada na obtención da licenza.
- d) Fotocopia do xustificante de ter pagado o último recibo do imposto sobre actividades económicas, ou de se atopar exento do mesmo.
- e) Memoria explicativa dos percorridos urbanos que se desexe realizar polos vehículos autobuses ao paso polos núcleos urbanos do Concello, adxuntando plano explicativo das rotas habituais dos mesmos, e as zonas de parada que se solicitan.
- f) Memoria explicativa e detallada dos horarios de parada de cada autobús cada un dos días da semana en cada unha das zonas de parada solicitadas, sinalando así mesmo os horarios de saída/chegada á Estación de Autobuses de Carballo, de ser o caso.
- g) Memoria detallada dos reforzos das liñas habituais en eventos periódicos (feiras e mercados, etc...), así coma dos itinerarios de entrada/saída do casco urbano de Carballo e as zonas extra de paradas utilizados neses casos.

2.- Na solicitude, o interesado deberá facer constar, en todo caso:

- a) NIF, nome e apelidos, e domicilio a efectos de notificacións.
- b) Matrícula/s do/s vehículo/s para o/s que se solicita licenza.
- c) Zona/s de estacionamento reservado para as que a solicita.
- d) Horarios de uso das zonas (día, hora e minutos).
- e) Frecuencia de uso (diaria, semanal, alterna –especificada-).
- f) Tempo medio estimado das operacións de transbordo de pasaxeiros.
- g) Data e sinatura do interesado.

Artigo 41.- Procedemento de outorgamento.

1.- A solicitude, debidamente cumprimentada, xunto con toda a documentación a achegar, deberá ser presentada ben no Rexistro Xeral do Concello, ben por medios telemáticos, iniciándose o expediente a instancia do interesado.

2.- Tamén se poderá iniciar o expediente de oficio, en aras á regularización daquelas situacións fraudulentas que se teñan detectado, todo elo sen prexuízo dos expedientes de regularización tributaria que procedan.

3.- O expediente impulsárase de oficio en todos os seus trámites, e, completado o mesmo, o Alcalde-Presidente, ou órgano ou persoa na que delegue, emitirá a resolución que proceda, outorgando ou denegando a autorización solicitada. A dita resolución será notificada ao interesado ou seu representante legal segundo o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- Logo de concedida a autorización, faráselle entrega ao interesado dunha tarxeta acreditativa da concesión, que deberá ser asinada polo seu titular e colocada, para desfrutar dos dereitos derivados da mesma, nun lugar visible dos parabrisas dianteiros dos vehículos aos que se refira. A falla de exhibición da mesma provocará que se entenda coma indebidamente efectuado o desfrute da reserva, podendo ser sancionado.

5.- No caso de tarxetas provisionais, o procedemento de instancia será o mesmo, debendo facer constar o interesado na súa solicitude o período do ano para o que solicita a reserva.

6.- En caso de urxencia que non permita a tramitación sinalada no apartado anterior, bastará a comunicación por calquera medio ao Departamento responsable do Concello de Carballo, que estenderá tarxeta provisional sen necesidade do anterior procedemento, que poderá ser retirada nas dependencias da mesma. Non obstante, non poderán ser autorizadas 3 ou máis tarxetas provisionais de urxencia a un mesmo vehículo ou persoa física ou xurídica no prazo de 60 días naturais, presumíndose entón, salvo proba en contra, que se produce un suposto de fraude de Lei, tramitándose, entón, coma unha tarxeta provisional ordinaria por prazo determinado. A fraude de lei poderá ser apreciada, xustificándose debidamente, incluso fóra deste suposto, cando se aprecie que se utilizan de xeito indebido os procedementos de urxencia para ocultar utilizacións previsibles e/ou programadas de antemán.

7.- En caso de necesidade de realizar operacións de transbordo de pasaxeiros fóra das zonas delimitadas ao efecto, deberase realizar solicitude por escrito, cos requisitos do artigo anterior, con polo menos 48 horas de antelación á data do desfrute solicitado, dirixida ao Departamento correspondente. Nestes casos, corresponde ao dito departamento conceder ou denegar a autorización, e proceder ao valado, peche, ou calquera outro método de reserva provisional da zona concedida, no seu caso, así coma verificar o adecuado uso da autorización concedida.

8.- Non se dará trámite ás solicitudes que non acrediten estar ao día no pagamento dos tributos municipais esixibles sobre da actividade económica ou os vehículos no Concello de Carballo. Tampouco naqueles supostos nos que sexa esixible a autoliquidación ou pagamento previos de calquera tributo municipal relativo a feitos impoñibles derivados das obrigas desta Ordenanza.

Artigo 42.- Ámbito espacial e temporal.

1.- As tarxetas de autorización terán eficacia tan só nas zonas para as que foran concedidas. Na tarxeta farase constar a clave alfanumérica de identificación das zonas nas que desprega a súa eficacia, clave que constará, así mesmo, na sinalización, vertical ou horizontal, da mesma zona.

2.- As tarxetas poderán ter eficacia nunha ou máis zonas, segundo nelas se especifique. No caso de teren eficacia en máis dunha zona, entenderanse concedidas tantas licenzas coma zonas habilitadas, sen prexuízo de que consten nunha única tarxeta.

3.- As tarxetas son comúns ás liñas de explotación, de xeito que unha mesma tarxeta outorga dereito a parar na zona a todos os vehículos autobuses da mesma entidade de transporte de viaxeiros. A tal efecto, entregaráselles ás mesmas un exemplar por cada vehículo que as utilice. Esta nota de comunidade esténdese aos efectos fiscais, pois só existirá unha licenza por parada, aínda que conste en varias tarxetas, pois poden ser varios os vehículos da mesma compañía que utilicen a parada.

4.- As tarxetas autorizan tan só á realización de paradas nos horarios que nelas constan para cada unha das zonas nas que sexa efectiva, sen prexuízo de que o Departamento responsable, en situacións excepcionais, poida limitar aínda máis seus efectos.

5.- A tarxeta terá validez de 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de cada ano, salvo nos casos de alta, onde xurdirá efectos desde o día seguinte ao da súa concesión. Salvo manifestación expresa en contra que conste na solicitude, entenderase prorrogada a autorización -para o ano seguinte- de xeito automático ao chegar ao 31 de decembro do ano para o que foi inicialmente concedida, sen necesidade de renovación da mesma. Do contrario, a renuncia deberá ser solicitada antes do día 31 de decembro do ano inmediatamente anterior a aquel para o cal deba xurdir efectos a súa prórroga.

6.- Poderanse, sen embargo, outorgar tarxetas provisionais, por prazo inferior, incluso cando os usos sexan meramente accidentais, seguindo para elo o procedemento sinalado nesta ordenanza.

Artigo 43.- Tributación.

O desfrute das reservas, con ou sen autorización, constitúe o feito impoñible da Ordenanza Fiscal correspondente do Concello de Carballo, e rexerese, en todo, polo disposto na mesma.

SECCIÓN SEGUNDA: Réxime de uso das paradas. Paradas fóra de zona reservada.**Artigo 44.- Réxime de utilización das zonas reservadas.**

- 1.- Con carácter xeral, os vehículos beneficiarios da tarxeta-autorización, non poderán permanecer estacionados nas zonas de reserva de parada.
- 2.- Tan só poderán realizar paradas durante o tempo mínimo imprescindible para realizar os labores de transbordo de viaxeiros, sen superar o prazo de dez minutos de parada, salvo causa xustificada.
- 3.- Durante os labores de subida e baixada de pasaxeiros, os condutores deberán, en todo caso, permanecer nas proximidades do autobús. Se este se atopara co motor en marcha, o condutor estará obrigado a permanecer sentado na cabina do vehículo. Se tivera que baixar do mesmo, procederá ao apagado do motor en todo caso.
- 4.- Os labores de carga/descarga de mercadorías e vultos nas zonas habilitadas ao efecto nos vehículos deberán ser realizados do xeito que menos incomode ao tráfico de peóns polas beirarrúas adxacentes e de vehículos polas vías.
- 5.- Se os condutores colaborasen na colocación da mercadoría no autobús, abandonando a cabina, deberán apagar o motor.
- 6.- Prohíbese a acumulación de vultos/mercadorías nas beirarrúas aos pasaxeiros cando isto supoña un obstáculo para a circulación dos restantes peóns polas mesmas.
- 7.- Para a realización da parada, os autobuses deberán achegarse todo o posible ao borde da beirarrúa, sen sobresaíren nunca fóra das zonas habilitadas e sinaladas horizontalmente, so pena de incorrer en infracción.
- 8.- Para realizar a saída das zonas de paradas, os autobuses velarán pola seguridade dos demais vehículos, procurando sinalizar convenientemente todas as súas manobras, utilizando para elo todos os medios ao seu alcance.

Artigo 45.- Paradas fóra das zonas.

- 1.- Con carácter xeral, queda prohibida a realización de paradas para transbordo de pasaxe fóra das zonas especialmente reservadas ao efecto, salvo causa xustificada.
- 2.- Non obstante, cando, xustificadamente, deban realizarse estas paradas, deberán seguirse as seguintes regras:
 - a) Na medida do posible, deberase realizar a parada fóra dos carrís de circulación, preferentemente nas zonas de estacionamento de vehículos que se atopen libres. De haber sitio á dereita do sentido da circulación, nas zonas de estacionamento, non haberá causa algunha xustificativa da parada fóra dos mesmos, salvo forza maior.
 - b) Se a parada houbera de realizarse no carril de circulación, será sempre no situado máis á dereita da vía, e por un espazo de tempo non superior a un minuto.
 - c) Prohíbese absolutamente a parada nas inmediacións das zonas semaforicas, sexa no beiravía ou zona de estacionamento de vehículos ou sexa no propio carril de circulación.
- 3.- A inobservancia do anterior constituirá infracción administrativa, e sancionarase dacordo co previsto na ordenanza.

Artigo 46.- Circulación dos autobuses polas zonas urbanas.

- 1.- O Concello poderá sinalar as rutas que os autobuses poden realizar polo casco urbano, segundo se considere máis axeitado para o tráfico no mesmo.
- 2.- A tales efectos, os cambios dos percorridos habituais deberán ser postos en coñecemento da Administración Municipal, solicitando autorización para os mesmos.

TITULO QUINTO: SINALIZACIÓN.**CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS.****Artigo 47.-Normas xerais**

- 1.- A sinalización das vías urbanas corresponde á Autoridade municipal. A Alcaldía ou o Concelleiro Delegado ordenarán a colocación, retirada e substitución dos sinais que en cada caso proceda, así como a autorización de sinais temporais por motivo de obras ou outras circunstancias.
 - 2.- Todos os usuarios das vías obxecto desta Ordenanza estarán obrigados a obedecer os sinais da circulación que establezan unha obrigación ou unha prohibición e a adaptar o seu comportamento ao mensaxe do resto dos sinais regulamentarias que se encontren nas vías polas que circulen.
- A estes efectos, cando o sinal impoña unha obriga de detención, non poderá continuar a súa marcha o condutor do vehículo así detido ata ter cumprido a finalidade que o sinal establece.

CAPÍTULO II: SINALIZACIÓN, INSTALACIÓN, SUBSTITUCIÓN, RETIRADA SINAIS.

Artigo 48.- Sinalización de entradas.

1.- Os sinais de tráfico preceptivos instaladas nas entradas dos núcleos de poboación, rexerán para todo o núcleo, salvo sinalización específica para un tramo de rúa ou zona.

2.- Os sinais instaladas nas entradas das zonas peonís e demais áreas de circulación restrinxida ou de estacionamento limitado, rexen en xeral para a totalidade do viario interior do perímetro.

Artigo 49.- Orde de prioridade.

1.- A orde de prioridade entre os distintos tipos de sinais é o seguinte:

1. Sinais e ordes dos Axentes encargados da vixilancia do tráfico.
2. Sinalización circunstancial que modifique o réxime de utilización normal da vía pública.
3. Semáforos.
4. Sinais verticais de circulación.
5. Marcas viarias.

2.- No suposto de que as prescricións indicadas por diferentes sinais parezan estar en contradición entre si, prevalecerá a prioritaria, segundo a orde a que se refire o apartado anterior, ou a máis restritiva se se trata de sinais do mesmo tipo.

Artigo 50.- Sinalización do tráfico en eventos.

1.- Cando o Concello autorice a celebración de actividades deportivas ou actos, eventos, que aconsellen establecer limitacións á circulación nas vías urbanas, a autorización poderá extenderse ao persoal de Protección civil ou responsable da organización para impedir o acceso de vehículos ou peóns á zona ou itinerario afectados.

2.- O persoal referido no parágrafo anterior, deberá actuar nas circunstancias e condicións regulamentariamente establecidas, estar provisto de chaleco reflectante.

Artigo 51.- Alteración.

1.- A instalación, retirada, traslado ou modificación da sinalización requirirá a previa autorización municipal. A autorización determinará a colocación, modelo e dimensións das sinais a implantar.

2.- Prohíbese modificar o contido dos sinais ou colocar sobre elas ou ao lado destas, placas, carteis, marquesiñas, anuncios, marcas ou outros obxectos que poidan inducir a confusión, reducir a súa visibilidade ou eficacia, cegar aos usuarios da vía ou distraer a súa atención.

3.- O Concello procederá á retirada inmediata de toda aquela sinalización que non estea debidamente autorizada ou non cumpra as normas en vigor, e isto tanto no que concirne aos sinais non regulamentarias como se é incorrecta a forma, colocación ou deseño do sinal.

Artigo 52.- Modificación temporal.

A Autoridade municipal, en casos de emerxencia ou ben pola celebración de actos deportivos, culturais ou de calquera outra natureza, susceptibles de producir grandes concentracións de persoas ou vehículos, poderá modificar temporalmente a ordenación do tráfico existente e adoptar, no seu caso, todas as medidas preventivas necesarias para garantir a seguridade das persoas e vehículos e unha maior fluidez na circulación.

Artigo 53.- Preferencia peonil e sinalización.

1.- As beirarrúas e as rúas e zonas peonís son espazos preferentes para o tránsito e estancia peonil, quedando prohibidos con carácter xeral o acceso, circulación e estacionamento de vehículos.

Sen prexuízo do anterior, os vehículos que con carácter excepcional teñan sido autorizados para transitar por tales espazos deberán facelo utilizando os pasos establecidos a tal efecto ou sinalados expresamente na autorización, acomodando a súa marcha á dos peóns e evitando en todo momento causar molestias ou crear perigo.

Salvo o expresamente autorizado nas Ordenanzas Municipais, prohíbese igualmente a ubicación en tales espazos de calquera obxecto que obstaculice o tránsito peonil, especialmente cando poida afectar ao desprazamento de persoas con mobilidade reducida, e en particular a colocación de tales obxectos sobre pavimentos podotáctiles ou outros recollidos na normativa vixente sobre accesibilidade.

2.- As zonas peonís serán delimitadas mediante a sinalización correspondente, sen prexuízo de poder utilizar outros elementos electrónicos ou físicos que controlen a entrada e circulación de vehículos na mesma.

Artigo 54.- Paneis complementarios dos sinais.

En caso de ser preciso, poderase engadir unha inscrición ou pictografía nun panel complementario situado de maneira que non interfira no sinal.

A inscrición ou pictografía deberá corresponder coas incluídas no catálogo oficial de sinais de circulación. De non habela, poderase recorrer a unha adecuada á sinalización que se pretenda.

Artigo 55.- Bolardos.

Os bolardos:

- 1.- Poderán ser instalados para o control e acceso a vías peonís ou con acceso restrinxido.
- 2.- Deberán ser móbiles ou retráctiles para permitir a entrada e saída de vehículos autorizados
- 3.- Calquera tipo de bolardo deberá ter o deseño e características requiridas pola normativa técnica de accesibilidade a espazos públicos urbanizados

TÍTULO SEXTO: PARADA E ESTACIONAMENTO.**CÁPITULO I: PARADA.****Artigo 56.- Definición.**

1.- Entendese por parada toda detención dun vehículo con obxecto de tomar ou deixar persoas, ou cargar e descargar cousas cuxa duración non exceda de dous minutos, aumentando este tempo ao necesario no caso de que se trate de tomar ou deixar persoas con mobilidade reducida.

2.- Nas paradas, o condutor ou condutora non poderán abandonar o vehículo a non ser que se trate de tomar ou deixar persoas con mobilidade reducida e si fora este o caso, terán o coche á vista e retiraran no mesmo momento en que sexa requirido para elo ou as circunstancias así o demanden.

3.- Non se considerará parada a detención accidental ou momentánea por necesidade da circulación nin a ordenada polos axentes da Policía Local ou por circunstancias de urxencia que sexan imprevisibles e inaprazables.

Artigo 57.- Lugar de parada.

1.- A parada deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice ou dificulte a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía, coidando especialmente a colocación do mesmo.

En todo caso, a parada terá que facerse situando o vehículo o máis cerca posible do borde dereito segundo o sentido da marcha, aínda que en vías dun só sentido de circulación, se a sinalización non o impide, tamén poderá realizarse situando o vehículo o máis cerca posible do borde esquerdo, adoptándose as medidas necesarias para evitar o entorpecemento da circulación.

3.- Os pasaxeiros terán que baixar polo lado correspondente á beirarrúa. A persoa condutora, se ten que baixar, poderá facelo polo outro lado, sempre que previamente se asegure que pode facelo sen ningún tipo de perigo.

Artigo 58.- Modo de parada.

1.- En todas as zonas e vías públicas, a parada efectuarase nos puntos onde se produzan menos dificultades na circulación. Exceptúanse os casos nos que os pasaxeiros sexan persoas enfermas ou con mobilidade reducida, ou se trate de vehículos dos servizos públicos de urxencia que se encontren de servizo, os das Forzas e Corpos de Seguridade ou de camiións do servizo de limpeza ou recollida de lixo.

2.- Nas paradas en rúas urbanizadas sen beirarrúa, deixarase unha distancia mínima dun metro e medio entre o vehículo e a fachada máis próxima.

Artigo 59.- Parada de taxis.

1.- Os auto-taxi e vehículos de gran turismo estacionarán nos lugares establecidos polo Concello.

Artigo 60.- Parada de autobuses.

1.- Os autobuses, tanto de liñas urbanas como interurbanas, unicamente poderán deixar e recoller viaxeiros nas paradas expresamente determinadas ou sinalizadas pola Autoridade municipal.

2.- Os demais aspectos sobre o réxime de uso e establecemento das zonas de paradas de autobuses serán os regulados nesta ordenanza.

3.- A autoridade municipal poderá requirir aos titulares de centros docentes que teñan servizo de transporte escolar para que propoñan itinerarios para a recollida ou baixada do alumnado. Unha vez aprobados estes, dita autoridade poderá

fixar paradas dentro de cada ruta quedando prohibida a recollida do alumnado fóra de ditas paradas. Ditas paradas deberán estar acondicionadas para o embarque e desembarque de persoas con mobilidade reducida.

Artigo 61.- Prohibicións.

1.- Prohíbese a parada nos supostos regulados pola normativa estatal, e nos lugares expresamente prohibidos mediante sinalización, prohíbese a parada nos casos e lugares seguintes:

- Onde o prohiban as sinais correspondentes, excepto para tomar ou deixar persoas enfermas ou persoas de mobilidade reducida, ou que se trate de servizos de urxencia ou seguridade e de vehículos autorizados.
- Sobre os refuxios, illas, medianas, zonas de protección e demais elementos canalizadores do tráfico.
- Cando se obstaculice a utilización normal do paso de entrada ou saída de vehículos e persoas. Así como cando se encuentre sinalizado o acceso de vehículos co correspondente vao.
- Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns e zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con mobilidade reducida.
- A menos de cinco metros dunha esquina, cruce, intersección ou bifurcación, salvo que a parada se poida realizar en chafráns ou fora destes sen constituír obstáculo ou causar perigo para a circulación.
- Nas pontes, pasos a nivel, túneles, e debaixo dos pasos elevados, salvo sinalización en contrario.
- Nos lugares onde a detención impida a visión da sinalización aos usuarios aos que vaia dirixida ou obrigue a facer manobras e cando produzan obstrución ou perturbación grave na circulación de peóns ou vehículos.
- Na proximidade de curvas ou cambios de rasantes, cando a visibilidade sexa insuficiente para que os demais vehículos poidan pasar sen perigo ao que estea detido.
- Nos espazos sinalizados como reservados para vehículos de servizo público, organismos oficiais e servizos de urxencia.
- Nos carrís, paradas ou pasos reservados para determinados vehículos, como autobuses de transporte público de pasaxeiros, taxis ou bicicletas.
- Nos rebaixes da beirarrúa para o paso de persoas de mobilidade reducida.
- Cando se obstaculicen os accesos e saídas de emerxencia debidamente sinalizadas pertencentes a colexios, edificios, locais ou recintos destinados a espectáculos ou actos públicos, nas horas de celebración dos mesmos.
- En medio da calzada, aínda no suposto caso de que a anchura da mesma o permita, salvo que estea expresamente autorizado.
- Cando se impida a outros vehículos un xiro autorizado.
- En dobre fila.

CAPÍTULO II: ESTACIONAMENTO.

Artigo 62.- Definición.

Enténdese por estacionamento toda inmovilización dun vehículo cuxa duración exceda de dous minutos, sempre que non estea motivada por imperativo da circulación, polo cumprimento de calquera requisito, salvo que se trate de tomar ou deixar persoas con mobilidade reducida

Artigo 63.- Modo de estacionamento.

1.- O estacionamento deberá efectuarse de tal maneira que o vehículo non obstaculice ou dificulte a circulación nin constitúa un risco para o resto dos usuarios da vía coidando especialmente a colocación do mesmo situándoo o máis cerca posible do borde da calzada segundo o sentido da marcha e o evitar que poida poñerse en movemento en ausencia do condutor. A tal obxecto os condutores terán que tomar as precaucións adecuadas e suficientes e serán responsables das infraccións que se poidan chegar a producir como consecuencia dun cambio de situación do vehículo ao poñerse en marcha espontaneamente ou pola acción de terceiros, salvo que neste último caso haxa existido violencia manifesta.

2.- O estacionamento efectuarase de forma que permita aos demais usuarios a mellor utilización do restante espazo dispoñible, quedando prohibido ocupar dúas prazas de estacionamento ao mesmo tempo.

3.- Nas vías de dobre sentido de circulación, o estacionamento cando non estivera prohibido, efectuarase no lado dereito do sentido da marcha.

4.- Nas vías dun só sentido de circulación e sempre que non exista sinal en contrario o estacionamento poderase proxectar no sentido da marcha e en ambos lados da calzada sempre que se deixe unha anchura para a circulación non inferior a tres metros

Artigo 64.- Prohibicións.

1.- O estacionamento prohibirase:

a.- Nos casos establecidos na normativa estatal de circulación

b.- Non se poderá estacionar na rede viaria fóra dos espazos habilitados para elo ou sobrepasando o tempo autorizado.

c.- Autorízase o estacionamento nas vías públicas de remolques, separados do vehículo motor, a autobuses, tractores, caravanas ou vehículos de peso máximo autorizado superior a 3500 kg, sempre que o seu volume non oculte a fachada dos edificios ou poida ser escalado para lograr chegar ás edificacións existentes.

d.- Os vehículos destinados ao transporte de mercadorías perigosas, tendo dita consideración os que transporten as sustancias contempladas na lexislación sobre transporte de mercadorías perigosas por estrada.

e.- O uso das prazas de aparcamento sinalizadas como reserva para persoas con mobilidade reducida estará restrinxido a aqueles vehículos conducidos ou que transporten a ditas persoas e que presente no seu parabrisas un distintivo homologado de acordo ao modelo comunitario, concedido polo concello no que figurará a matrícula do vehículo

f.- A autoridade municipal, poderá excepcionalmente, limitar o estacionamento en certos barrios ou rúas da cidade, autorizando unicamente a determinados vehículos. En ningún caso se debe reducir o total de prazas de estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida. De existir prazas deste tipo de estacionamento, deberán substituírse por outras no entorno á zona de estacionamento prohibido.

g.- En calquera caso para garantir a circulación peonil, deberase respectar un espazo mínimo de 2 metros como zona de tránsito. Así mesmo, deixarase un resguardo suficiente que garanta o acceso ás bicicletas aparcadas e as manobras das e dos usuarios das mesmas

h.- Nun mesmo lugar da vía pública durante máis de 30 días consecutivos.

i.- Nas zonas sinalizadas como de reserva para carga e descarga de mercadorías, excepto se se trata de vehículos de persoas con mobilidade reducida, debidamente identificados e polo tempo máximo de 20 minutos, debendo deixar no vehículo un indicativo da hora de estacionamento.

k.- Nos lugares habilitados pola Autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria, sen colocar o distintivo que o autoriza na parte interna do parabrisas, de maneira que sexa totalmente visible e lexible desde o exterior.

l.- Nos lugares habilitados pola Autoridade municipal como de estacionamento con limitación temporal, cando colocando o distintivo que o autoriza se manteña estacionado o vehículo en exceso sobre o tempo máximo permitido pola Ordenanza reguladora desta clase de estacionamento.

m.- Diante dos lugares reservados para contedores do servizo municipal de limpeza, impedindo o acceso a eles ou a súa retirada.

n.- En dobre fila, en calquera suposto.

ñ.- Vehículos en exposición, exhibindo carteis para a súa venda en vía pública. Considerarase que está en dita situación, cando permaneza con carteis anunciadores e durante un tempo superior a 24 horas nas vías públicas do termo.

o.- Nos lugares debidamente sinalizados temporalmente con tal prohibición, debido a actos públicos, obras ou outras causas.

Artigo 65.- Estacionamento de bicicletas.

1.- Os aparcamentos deseñados especificamente para bicicletas ou para ciclomotores serán do seu uso exclusivo

2.- En caso de non existir espazos específicos para o estacionamento das bicicletas, poderán ser amarradas a elementos do mobiliario urbano, sempre que con elo non se ocasione ningún dano ao elemento de mobiliario urbano, non se vexa alterada a súa función, nin se entorpeza o tránsito peonil, a accesibilidade, nin a circulación de vehículos

3.- Non poderán amarralas nen estacionalas en:

a.- Zonas de estacionamento para persoas con discapacidade

b.- Zonas de estacionamento expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade, centros ou instalacións públicas

c.- Ante as saídas de emerxencia de locais destinados a establecementos de pública concorrencia, durante as horas de actividade

- d.-En paradas de transporte público ou escolar
- e.-En pasos para peóns
- f.-Nos elementos adosados nas fachadas
- g.-Nas barandas das escaleiras aínda que non se obstaculice o paso
- h.-En beirarrúas inferiores a 1,5m de largo
- i.- Nas árbores ou elementos vexetais das rúas ou espazos libres e zonas verdes públicas

4.- As bicicletas poderán ser retiradas e levadas pola Policía Local, si están abandonadas, ou si estando amarradas, dificultan a circulación de vehículos ou persoas ou danan o mobiliario.

Artigo 66.- Tipos de estacionamento. Estacionamento con limitación temporal.

1.- O estacionamento pode ser:

a. En fila ou cordón, aquel no que os vehículos están situados uns detrás doutros e de forma paralela ao borde da beirarrúa.

b. En batería, aquel no que os vehículos están situados uns ao costado doutros e de forma perpendicular ao borde da beirarrúa.

c. En espiña modalidade de estacionamento en batería no que os vehículos sitúanse oblícuos respecto do borde da beirarrúa e no sentido da marcha

Como norma xeral o estacionamento farase sempre en fila. A excepción a esta norma, terase que sinalizar expresamente.

2.- Nos estacionamentos con sinalización no pavimento, os vehículos deberán colocarse dentro do perímetro marcado.

3.- O estacionamento con limitación temporal regúlase especificamente nesta ordenanza

Artigo 67.- Dimensións das prazas de aparcadoiro.

1.- As prazas de aparcadoiro terán unhas dimensións mínima de 2,20 metro de anchura e 4,50 metros de lonxitude para as prazas dispostas en cordón e 2,40 metros x4,50 metros para as dispostas en batería ou espiña.

Artigo 68.- Características de aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida.

1.- A dotación e as dimensións mínimas das prazas de aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida será as que resultan de aplicar a normativa vixente na materia aplicada aquela da que resulte un maior número de prazas e as maiores dimensións.

2.- Disporán de zonas de aproximación e transferencia lateral dunha lonxitude igual á da praza e un ancho mínimo de 1,50 metro, cando se dispoñan en batería ou espiña.

3.- Entre dúas prazas contiguas permitiranse zonas de transferencia lateral compartida, mantendo as dimensións mínimas descritas no punto anterior.

4.- As prazas dispostas en liña, terán unha dimensión mínima de 5,00 metros de longo x2,20m de anchura e ademais disporán dunha zona de aproximación e transferencia posterior de anchura igual á praza en un longo mínimo de 1,50 m.

5.- As prazas de aparcadoiro reservadas estrarán sinalizadas horizontal e verticalmente co símbolo internacional de accesibilidade que se corresponde co indicado pola norma internacional ISO 7000, que regula unha figura en cor branco sobre fondo azul pantone reflex blue.

6.- Deberán ubicarse sempre o más cerca posible dos accesos peonís, procurando que as circulacións sexan mínimas e coas menores interferencias cos vehículos. A anexión debe cumprir coas condicións de itinerario accesible.

Artigo 69.- Maneira de estacionar.

1.- Os condutores deberán estacionar os vehículos tan cerca do borde como sexa posible, deixando un espazo de entre vinte e dez centímetros entre o borde da beirarrúa e a superficie exterior das rodas do vehículo para permitir a limpeza desta parte da calzada. Ademais os condutores non poderán estacionar un vehículo a unha distancia de outro inferior a 30 centímetros en liña e 40 centímetros en batería. Tampouco poderá estacionarse un vehículo a máis de 1 metro dos vehículos dianteiro e traseiro.

2.- En caso do aparcamento en batería, os condutores deberán estacionar os vehículos tan cerca do borde como sexa posible, deixando un espazo de entre vinte e dez centímetros entre o borde da beirarrúa e o vehículo, para permitir a limpeza desta parte da calzada.

3.- Os vehículos de dúas rodas (agás as bicicletas que está regulado noutro artigo) deberán respectar, ademais as seguintes normas de estacionamento:

a) Estacionarán en batería cun ángulo tal que, en ningún caso, ocupen máis de 1,5 metros ao longo da calzada nos lugares de libre aparcamento, sen prexuízo de que se existiran espazos reservados para este tipo de vehículos a menos de 100 metros deberán utilizalos inescusablemente.

b) Non poderán estacionar entre dous vehículos de forma que impidan o normal acceso a estes ou obstaculicen as manobras de estacionamento. Tampouco poderá estacionarse se se dificulta a incorporación destes vehículos á circulación.

c) Non poderán encadear ou atar estes vehículos entre si ou a calquera outro elemento non destinado a tal fin, tales como árbores, farois, postes de sinalización, bancos e demais mobiliario urbano, ou de forma que o estacionamento ocasiona molestias aos demais usuarios da vía.

Artigo 70.- Estacionamento limitado.

O Concello poderá establecer medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos.

Artigo 71.- Tarxeta de persoas con mobilidade reducida.

1.- O Concello, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 7 do Real Decreto 6/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria. e en virtude do disposto, no artigo 30 do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social e o Real Decreto 1056/2014, de 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade, adoptará as medidas necesarias para a concesión da tarxeta de aparcamento para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade e para a efectividade dos dereitos que da mesma se derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para diminuídos físicos e a lexislación sectorial da Comunidade Autónoma.

2.- O Concello expedirá a tarxeta de aparcamento especial para persoas con mobilidade reducida segundo o modelo determinado regulamentariamente e terá validez para todo o territorio nacional. Dita tarxeta permitirá ao usuario/a de vehículo autorizado estacionar nos lugares especialmente reservados para persoas con mobilidade reducida.

3.- As tarxetas expedidas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición normativa poderán seguir usándose ata a súa substitución.

CAPÍTULO III: ESTACIONAMENTO CON HORARIO LIMITADO (ZONA AZUL).

Artigo 72.- Ámbito de aplicación das limitacións de Zona Azul.

1.- No Concello de Carballo existirán zonas de estacionamento con limitación temporal, denominada Zona Azul, co fin de garantir a debida rotación dos vehículos en lugares de especial dificultade para o estacionamento.

2.- O ámbito espacial de aplicación das limitacións que se conteñen nos artigos seguintes será o das vías aprobadas en Pleno municipal e así sinalizado nas rúas correspondentes

Artigo 73.- Limitacións da Zona Azul.

Dentro da Zona Azul e durante o seu funcionamento, non hai libre aparcamento, senón que todos os espazos están suxeitos ao réxime de estacionamento limitado, salvo que estea reservado ou prohibido expresamente, pois en tal caso estarán sometidos ao réxime xeral de prohibición.

Artigo 74.- Competencias.

Corresponde ao Pleno da Corporación a fixación e modificación do perímetro da Zona Azul

Artigo 75.- Sinalización vertical e horizontal.

1.- Sinalización vertical da zona Azul:

a) Todas as entradas e saídas estarán indicadas mediante sinais verticais e específicos de comezo e fin da Zona Azul.

b) O formato dos sinais verticais mencionados no apartado anterior será o establecido no Anexo I desta Ordenanza.

2.- En canto á sinalización horizontal, os espazos estarán delimitados mediante liñas de cor azul.

Artigo 76.- Disco de control.

1.- Dentro da zona azul o condutor, ao estacionar, ten a obriga de colocar o disco de control no parabrisas do seu vehículo, no lado máis próximo á beirarrúa, ou calquera outro medio indicador que permita comprobar a hora de chegada.

2.- O disco de control consiste nunha pequena roda de 11 x 11 cm aproximadamente, onde na ventá da esquerda deberá figurar a hora de chegada que fixará o condutor ao xirar o disco e automaticamente aparecerá na ventá da dereita a hora límite á que ten que abandonar o lugar, dacordo coa franxa horaria establecida na presente Sección.

Artigo 77.- Horario e datas de estacionamento.

O horario de limitación comprenderá de 9:00 a 20:00 horas, agás os domingos, festivos e a tarde dos sábados, nos que non haberá limitación.

De Luns a sábado de mañá, salvo festivos e tarde dos sábados.

| Hora de Chegada | Hora de saída |
|---------------------------------|---------------|
| Despois das 19.00 horas | |
| Antes das 09.00 horas | 10.00 horas. |
| Entre as 09.00 e as 9.30 horas | 10.30 horas |
| Entre as 09.30 e as 10.00 horas | 11.00 horas |
| Entre as 10.00 e as 10.30 horas | 11.30 horas |
| Entre as 10.30 e as 11.00 horas | 12.00 horas |
| Entre as 11.00 e as 11.30 horas | 12.30 horas |
| Entre as 11.30 e as 12.00 horas | 13.00 horas |
| Entre as 12.00 e as 12.30 horas | 13.30 horas |
| Entre as 12.30 e as 15.30 horas | 16.30 horas |
| Entre as 15.30 e as 16.00 horas | 17.00 horas |
| Entre as 16.00 e as 16.30 horas | 17.30 horas |
| Entre as 16.30 e as 17.00 horas | 18.00 horas |
| Entre as 17.00 e as 17.30 horas | 18.30 horas |
| Entre as 17.30 e as 18.00 horas | 19.00 horas |
| Entre as 18.00 e as 18.30 horas | 19.30 horas |
| Entre as 18.30 e as 19.00 horas | 20.00 horas |

En circunstancias especiais (eventos, obras...) o Concello poderá modificar os horarios e as vías nas que se aplica este tipo de estacionamento.

Artigo 78.- Estacionamentos prohibidos na Zona Azul. Vehículos exentos de limitación.

1.- Non poderán estacionar na Zona Azul.

- a) Os vehículos de P.M.A. superior a 3.500 Kg., salvo autorización expresa.
- b) Os vehículos que realicen operacións de carga e descarga, salvo que tiveran lugar nos espazos expresamente habilitados a tal fin ou o fixeran coa oportuna autorización municipal.

2.- Están exentos das limitacións de estacionamento de Zona Azul.

- a) Os vehículos que dispoñan de título habilitante especial outorgado polo Concello e os vehículos oficiais do Concello cando estean en horario de traballo.
- b) Aqueles vehículos que tiveran licenza municipal para actividades específicas de ocupación de vía pública (servizos de mantemento, auga...).
- c) Os vehículos oficiais do Estado, Comunidades Autónomas e Entidades Locais adscritos á defensa nacional ou á seguridade cidadá.
- d) Os vehículos de representacións diplomáticas, oficinas consulares, axentes diplomáticos e funcionarios consulares de carreira acreditados en España, que sexan súbditos dos respectivos países, externamente identificados e a condición de reciprocidade na súa extensión e grado. Así mesmo, os vehículos de Organismos Internacionais con sede u oficina en España e de seus funcionarios con estatuto diplomático.
- e) As ambulancias e vehículos dos servizos de urxencia, cando se atopen cumprindo tales servizos.

CAPITULO IV: RESERVAS PARA ENTRADAS E SAÍDAS DE VEHÍCULOS (VAOS).**Artigo 79.- Vaos.**

1.- Está suxeito a autorización municipal o acceso de vehículos ao interior de inmobles cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público ou que supoña un uso privativo ou unha especial restrición do uso que corresponda a todos os cidadáns respecto a todos estes bens ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos na fronte pola que se realiza o acceso.

2.- As portas de garaxe non excederán na súa apertura a liña de fachada.

Artigo 80.- Obrigas do titular do vao.

Ao titular do vao ou á comunidade de propietarios correspondente, seranlle de aplicación as seguintes obrigas:

a) A limpeza dos accesos ao inmoble de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.

b) Colocar as sinais de vao permanente en zona visible da porta de entrada ou saída do inmoble.

c) Á adquisición das sinais de vao aprobadas polo Concello.

d) A abonar os gastos que ocasione a sinalización, así como as obras necesarias.

e) o mantemento adecuado da zona de beirarrúa ou acceso utilizado

f) Ao pago dos tributos municipais correspondentes

Artigo 81.- Autorización.

1.- A autorización de entrada e saída de vehículos será concedida pola Alcaldía ou Concellería Delegada competente, a proposta dos servizos municipais correspondentes.

2.- A autorización de entrada e saída de vehículos poderá ser solicitada polos propietarios e os posuidores lexítimos dos inmobles aos que se haxa de permitir o acceso, polos titulares das actividades no seu caso, así como polos promotores ou contratistas no suposto de obras.

3.- O expediente de concesión de autorización de entrada e saída de vehículos iniciárase previa petición dos interesados que deberá de acompañar a documentación que a Oficina Técnica Municipal ou organismo competente soliciten segundo impreso normalizado.

4.- A autorización entenderase prorrogada no tempo, unha vez efectuado o abono da cota anual correspondente

Artigo 82.- Tipos de vaos.

1.- As autorizacións para entradas e saídas de vehículos poden ser permanentes , laborais, de obras , debendo constar na correspondente sinal o tipo de vao.

Permanentes:

a) Garaxes privados ou de comunidades de propietarios cunha superficie mínima de 35 m2.

b) Garaxe público e talleres que presten servizos permanentes de urxencia.

c) Garaxes destinados a vivenda unifamiliar.

d) Edificios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario (hospitais e ambulatorios) e de carácter asistencial (centros de maiores, centros de día e centros de persoas con necesidades especiais, entre outros).

e) Gasolineiras, estacións de servizo, venta de carburantes.

g) Edificios destinados a organismos oficiais, cando a natureza do mesmo o esixe.

Laborais:

a) Concesionarios de automóviles, compravenda de vehículos usados e aluguer sen condutor.

b) Edificios e instalacións de equipamento comunitario de carácter educativo (escolas infantís, colexios, institutos...).

c) Edificios ou instalacións das administracións públicas

d) Talleres que non xustifiquen que prestan servizo permanente de urxencia.

e) Almacéns de actividades comerciais.

f) Outras actividades de características análogas.

De obras : obras de construción, derribo ,reforma e reparación de edificios

O horario laboral e de obras, establécese con carácter xeral de 07:00 a 20:30 horas, con excepción de domingos e festivos, se ben na autorización poderá especificarse un horario diferente. En calquera caso, o horario autorizado deberá constar no correspondente sinal.

Respectaranse en todo caso as zonas e horarios peonís.

Artigo 83.- Sinalización.

1.- As entradas e saídas de vehículos que se autoricen sinalizáranse e delimitáranse simultaneamente con dous tipos de sinais:

a) Vertical: Placa de prohibición de estacionamento axustado ao modelo oficial, que será facilitada polo Concello previo abono das taxas correspondentes.

A placa deberá instalarse en zona visible da porta de entrada ou saída do inmovible, preferentemente no lateral dereito ou no seu defecto, na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmovibles con accesos de longo recorrido, permitirase que se coloque en barra vertical.

b) Horizontal: Franxa amarela de lonxitude correspondente á do ancho da entrada, pintada no borde ou na calzada xunto ao borde.

As ramplas colocaranse obrigatoriamente na calzada, non permitíndose os rebaixes dos bordes da beirarrúa. Serán metálicas e non sobresaírán máis de 30 cm con respecto ao borde, os laterais das ramplas non poderán presentar aristas, debendo presentar un remate sesgado cara a calzada.

A sinalización horizontal, agás informe contrario do técnico municipal, estará centrada con respecto ao portal de acceso dos vehículos e sinalizárase tendo en conta o ancho, o tráfico e o sentido da vía.

No suposto de que o interesado necesite realizar algunha obra de adaptación do vao deberá pedir o correspondente permiso de obra.

2.- Os gastos que ocasione a sinalización descrita no apartado anterior, así como as obras necesarias, serán a conta do solicitante, que virá obrigado a manter a sinalización tanto vertical como horizontal nas debidas condicións durante todo o período de vixencia da autorización.

Se fose preciso reservar a calzada na zona oposta á propia do vao, (contravao) sinalizárase coa liña amarela na calzada a lonxitude precisa, nas condicións antes sinaladas. Dita ocupación devengará as taxas municipais que correspondan. Se fose preciso, sinalizárase a zona de "contravao" con sinalización, atendendo ao informe da Policía Local elaborado ao efecto.

Artigo 84.- Responsabilidade polo uso.

Os desperfectos ocasionados en beirarrúas con motivo do uso especial que comporta a entrada e saída de vehículos con ocasión da autorización concedida serán responsabilidade dos titulares de dita autorización, quen virán obrigados á súa reparación, a requirimento da Autoridade municipal, dentro do prazo que ao efecto se outorgue. O incumprimento desta obrigaón dará lugar á execución forzosa nos termos regulados na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Artigo 85.- Suspensión de autorización.

O Concello poderá suspender temporalmente, por razóns do tráfico, obras en vía pública ou outras circunstancias extraordinarias, os efectos da autorización de entrada e saída de vehículos, ofrecendo solucións alternativas aos titulares da autorización e usuarios afectados durante o tempo que dure a alteración.

Artigo 86.- Revogación.

1.- As autorizacións poderán ser revogadas polo órgano que as ditou nos seguintes casos:

- a) Por ser destinadas a fins distintos para os que foron outorgadas.
- b) Por desaparecer as causas ou circunstancias que deron lugar ao seu outorgamento.
- c) Por non abonar a cota anual correspondente.
- d) Por incumprir as condicións relativas aos horarios ou carecer da sinalización adecuada.
- e) Por causas motivadas relativas ao tráfico ou circunstancias da vía pública.

2.- A revogación da autorización dará lugar á obriga do titular da mesma de retirar a sinalización, reparar o borde da beirarrúa ao seu estado inicial e entregar a placa identitaria no Concello.

3.- O expediente de revogación iniciarase de oficio ou a instancia de parte.

Artigo 87.- Baixa ou anulación do vao.

Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que se viña gozando por deixar de usar o local como aparcamento, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparación do borde da beirarrúa ao estado inicial e entrega da placa nos servizos municipais correspondentes.

Previa comprobación do cumprimento destes requisitos polos servizos municipais correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

Artigo 88.- Cambio de titularidade.

Comunicarase no Concello o cambio de titular da autorización para a reserva do dominio público para entrada e saída de vehículos.

CAPÍTULO V: RESERVAS DE ESPAZO EN VÍA PÚBLICA.**Artigo 89.- Concepto.**

1.- Enténdese por reserva de espazo en vía pública, a acotación dunha determinada zona de estacionamento na calzada para un aproveitamento privativo por parte dos usuarios autorizados, o cal está suxeito ao previo pago dos dereitos determinados pola Ordenanza Fiscal correspondente.

2.- As reservas de espazo en vía pública, poderán ser permanentes ou de horario limitado, segundo o réxime aplicado aos vaos.

3.- Os usuarios autorizados virán obrigados a colocar as tarxetas que ao efecto se concedan pola Autoridade Municipal, sobre o salpicadero dianteiro do vehículo, perfectamente visible na súa parte esquerda.

Artigo 90.- Sinalización da reserva de espazo.

1.- A zona acotada como reserva de espazo será sinalizada mediante marcas amarelas en zig-zag e delimitada por sendas sinais verticais de prohibición do estacionamento. Estas deberán indicar se se trata de reserva permanente ou de reserva con horario limitado, sinalando neste caso os días e tramo horario reservado.

Artigo 91.- Zonas de reserva para persoas de mobilidade reducida.

1.- O Concello poderá autorizar zonas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida nos seguintes casos:

a.- Cando, de oficio, se aprecie a necesidade para elo.

b.- Cando a petición de un particular e valorada a documentación aportada, atendendo ao grao de dificultade de mobilidade, se estime oportuno reservar unha zona de aparcamento .

c.- A sinalización será a cargo do Concello, así como o mantemento da mesma.

2.- A sinalización será de acordo co sinalado no Título sexto , Capítulo II

TÍTULO SÉTIMO: CARGA E DESCARGA.**CAPÍTULO I: CARGA E DESCARGA.****Artigo 92.- Normas xerais.**

1.- As operacións de carga e descarga de mercadorías ou análogas nas zonas urbanas do termo municipal de Carballo efectuaranse consonte ao previsto neste Capítulo.

2.- As zonas da vía pública reservadas para carga e descarga teñen o carácter de utilización colectiva, e en ningún caso deben ser utilizadas con carácter exclusivo ou por un tempo máximo de 20 minutos.

3.- Con carácter xeral, as operacións de carga e descarga de mercadorías faranse baixo as seguintes normas:

a.- Está prohibido parar ou estacionar nas zonas debidamente sinalizadas como de reserva para operacións de carga e descarga. Non obstante, os vehículos debidamente identificados das persoas con mobilidade reducida poderán estacionar nas devanditas zonas durante un tempo máximo de 20 minutos, debendo deixar no vehículo, en zona visible do parabrisas dianteiro, un indicativo coa hora de estacionamento. Excepcionalmente poderase autorizar un período maior de tempo previa solicitude debidamente xustificada e para unha operación concreta.

b.- A carga e descarga de mercadorías deberá facerse, como norma xeral, antes das 12 da mañá. Excepcionalmente por causas motivadas, e con permiso da Policía Local, poderá facerse fóra dese horario.

Implantarase de forma paulatina no casco urbano.

4.- A autoridade municipal determinará os espazos reservados para a realización de operacións de carga e descarga. Así mesmo terá a facultade de limitar a súa utilización a determinados períodos do día e da semana.

5.- Os labores de carga e descarga realizaranse en vehículos industriais, comerciais ou mixtos adaptables, tendo en conta as limitacións de masa máxima autorizada, segundo clasificación no permiso de circulación, ou no seu caso, posúan tarxeta comercial, e que non sendo turismos, estean autorizados ao transporte de mercadorías, dedicados ao transporte de mercadorías ou naqueles que estean debidamente autorizados para elo, dentro das zonas reservadas a tal efecto e durante o horario establecido.

6.- As operacións excepcionais de carga e descarga ou análogas ás mesmas –amoblamento, mudanzas, etc...- que afecten á circulación e/ou ao estacionamento, estarán sometidas á previa autorización municipal, podendo realizarse fóra das zonas delimitadas para a carga e descarga, segundo o previsto neste Capítulo.

7.- En canto as limitacións e prohibicións referidas á disposición e dimensións da carga transportada estarase ao disposto na normativa xeral reguladora da materia sen que se poidan rebasar os pesos máximos autorizados, así como a lonxitude, ancho, e altura da carga transportada. A autoridade municipal poderá limitar tipo de vehículos comerciais ou industriais que transporten mercancías e o horario de circulación, sempre que o crea oportuno, así como determinar as vías afectadas pola mencionada limitación.

8.- As operacións de carga e descarga terán que realizarse coas debidas precaucións para evitar ruídos innecesarios e coa obriga de deixar limpa a vía pública.

Artigo 93.- Carga e descarga na vía pública.

1.-Cando as operacións de carga e descarga teñan que facerse na vía pública deberán executarse sen ocasionar perigos e coas mínimas perturbacións posibles ao resto de usuarios da vía e tendo en conta:

a.- As operacións levaranse a cabo, no posible, polo lado do vehículo máis preto ao borde da calzada ou punto de descarga pola súa parte lateral ou traseira, evitando obstaculizar o acceso a vivendas, fincas, locais comerciais

b.- Non poderán depositarse mercadorías nas zonas de tránsito, nen en pasos de peóns.

c.- No caso de existir perigo para os peóns ou vehículos durante a realización da carga ou descarga, deberase sinalizar a zona de acordo coa normativa vixente.

d.- No caso de materiais ou circunstancias especiais, solicitarase unha autorización especial ao Concello. Esta deberá estar informada pola Policía Local atendendo aos motivos expostos e terá que ser autorizada expresamente, coas condicións que se considere.

Artigo 94.- Carga e descarga en obras de construción.

1.-Na construción de edificacións, obras de demolición, rehabilitación, reforma, escavación, ou similares, os solicitantes das licenzas de non ter espazo dentro da obra destinado a estacionamento de carga e descarga, deberán solicitar a reserva de vía pública por obra axuntando a documentación que a Oficina Técnica Municipal lle requira e que xustifique a viabilidade da petición.

2.- Poderá procederse ás operacións de carga e descarga unha vez conten con autorización e aboadas as taxas por reserva de espazo na vía.

TITULO OITAVO: INMOBILIZACIÓN E RETIRADA DE VEHÍCULOS

CAPÍTULO I: INMOBILIZACIÓN DO VEHÍCULO.

Artigo 95.- Supostos.

1.- Os supostos de inmovilización de un vehículo son os establecidos na normativa estatal específica, Lei de Tráfico, Seguridade viaria e demais normas de desenvolvemento.

2.- A inmovilización do vehículo producirase no lugar sinalado polos Axentes da Autoridade. Para estes efectos, o Axente poderá indicar ao condutor do vehículo que continúe circulando ata o lugar designado.

3.- Os gastos que se orixinen como consecuencia da inmovilización do vehículo serán por conta do condutor que cometeu a infracción. No seu defecto, serán por conta do condutor habitual ou do arrendatario e, a falta de estes, do titular. Os gastos deberán ser aboados como requirimento previo a levantar a medida de inmovilización, sen prexuízo do correspondente dereito de defensa e da posibilidade de repercutilos sobre a persoa responsable que dera lugar a que a Administración adoptara a dita medida.

CAPITULO II: RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.

Artigo 96.- Retirada de vehículos.

1.- A Autoridade encargada da xestión do tráfico poderá proceder, se o obrigado a iso non o fixera, á retirada do vehículo da vía e ao seu depósito no lugar que se designe nos seguintes casos:

a) Sempre que constituía perigo, cause graves perturbacións á circulación de vehículos ou peóns ou deteriore algún servizo ou patrimonio público.

b) En caso de accidente que impida continuar a súa marcha.

c) Cando, procedendo legalmente a inmovilización do vehículo, non houberse lugar acaído para practicala sen obstaculizar a circulación de vehículos ou persoas.

d) Cando, inmovilizado un vehículo de acordo co disposto nesta ordenanza, non cesasen as causas que motivaron a inmovilización. transcorridas 72 horas

e) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como zonas de aparcamento reservado para o uso de persoas con discapacidade sen colocar o distintivo que o autoriza.

f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios e nas zonas reservadas á carga e descarga.

g) Cando un vehículo permaneza estacionado en lugares habilitados pola autoridade municipal como de estacionamento con limitación horaria –ou de usos específicos reservados, coma a carga e descarga, taxis ou buses- sen colocar o distintivo que o autoriza, ou cando se rebase o triplo do tempo permitido establecido na Ordenanza reguladora do estacionamento de horario limitado na que se denomina zona azul.

h) Cando se atope estacionado nun lugar que se teña que ocupar por un acto público debidamente autorizado.

i) Cando resulte necesario para a limpeza, reparación , mantemento ou sinalización da vía pública e teña sido debidamente sinalizado.

k) En caso de emerxencia debidamente motivada

2.- Salvo nos casos de sustracción ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada á que se refire o apartado anterior serán por conta do titular, do arrendatario ou do condutor habitual, segundo o caso, que deberá aboalos como requirimento previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que o asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dese lugar á retirada.

Artigo 97.- Perigo para a circulación.

Considerarase que un vehículo se encontra estacionado orixinando unha situación de perigo para o resto de peóns e condutores cando se efectúe:

a) Nas curvas ou cambios de rasantas.

b) Nas interseccións de rúas e nas súas proximidades, producindo unha diminución da visibilidade.

c) Nos lugares nos que se impida a visibilidade das sinais de circulación.

d) De maneira que sobresaia do vértice da esquina da beirarrúa, obrigando ao resto de condutores a variar a súa traxectoria, ou dificultando o xiro dos vehículos.

e) Cando se obstaculice a saída de emerxencia dos locais destinados a espectáculos públicos e entretemento durante as horas de apertura dos mesmos.

f) Na calzada, fora dos lugares permitidos.

g) Nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.

h) En zonas do pavimento sinalizadas con franxas brancas.

Artigo 98.- Perturbación da circulación.

Entenderase que o vehículo se encontra estacionado en lugar perigoso ou que obstaculiza gravemente a circulación cando constituía un risco ou obstáculo á circulación nos seguintes supostos:

a) Cando a distancia entre o vehículo e o borde oposto da calzada ou unha marca lonxitudinal sobre ela que indique prohibición de atravesala sexa inferior a tres metros ou, en calquera caso, cando non permita o paso doutros vehículos.

b) Cando se impida incorporarse á circulación a outro vehículo debidamente parado ou estacionado.

- c) Cando obstaculice a utilización normal do paso de saída ou acceso a un inmovible de persoas ou animais, ou de vehículos nun vao sinalizado correctamente.
- d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para diminuídos físicos.
- e) Cando se efectúe nas medianas, separadores, illotes ou outros elementos de canalización do tráfico.
- f) Cando se impida o xiro autorizado pola sinal correspondente.
- g) Cando o estacionamento teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.
- h) Cando o estacionamento se efectúe en dobre fila sen condutor.
- i) Cando o estacionamento se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.
- k) Cando o estacionamento se efectúe en espazos expresamente reservados a servizos de urxencia e seguridade.
- l) Cando o estacionamento se efectúe en espazos prohibidos en vía pública cualificada de atención preferente, especificamente sinalizados.
- m) Cando o estacionamento se efectúe en medio da calzada.
- n) Cando, sen estar incluídos nos parágrafos anteriores, constitúan un perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

Artigo 99.- Obstaculización dun servizo público.

Entenderase que o estacionamento obstaculiza o funcionamento dun servizo público cando teña lugar:

- a) Nos carrís, paradas ou zonas reservadas aos vehículos de transporte público.
- b) Nas zonas reservadas para a colocación de contedores de residuos ou outro tipo de mobiliario urbano.
- c) Nas saídas reservadas a servizos de urxencia e seguridade.
- d) Nas zonas de carga e descarga, sen autorización.

Artigo 100.- Perda ou deterioro do patrimonio público.

Entenderase que o estacionamento orixina perda ou deterioro do patrimonio público cando se efectúe en xardíns, sebes, zonas arboradas, fontes e outras partes da vía destinadas ao ornato e decoro do Municipio.

Artigo 101.- Suspensión da retirada dun vehículo.

A retirada dun vehículo da vía pública suspenderase inmediatamente, se o condutor comparece antes de que a grúa iniciase a súa marcha co vehículo enganchado e toma as medidas necesarias para facer cesar a situación irregular na que se encontraba, previo abono da taxa que, no seu caso, proceda por desprazamento de grúa e/ou inmovilización.

CAPÍTULO III: VEHÍCULOS ABANDONADOS.

Artigo 102.- Situación de abandono.

1.- A Autoridade municipal poderá presumir razoablemente que un vehículo se encontra en situación de abandono nos seguintes casos:

- a) Cando transcorran máis de dous meses desde que o vehículo fora depositado trala súa retirada da vía pública pola Autoridade competente e o seu titular non presentara alegacións
- b) Cando permaneza estacionado por un período superior a trinta días naturais no mesmo lugar e presente desperfectos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios . Neste caso, terá o tratamento de residuo sólido urbano de acordo coa normativa ambiental correspondente.
- c) Cando teña aparencia evidente de non ser reclamado por ninguén ou lle falten as placas de matrícula

2.- No suposto a) contemplado no apartado anterior e en aqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou dispoñan de calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, para que no prazo de quince días retire o vehículo , coa advertencia de que en caso contrario, procederase ao seu tratamento como residuo sólido urbano.

TÍTULO NOVENO: USO E ACTIVIDADES NA VÍA PÚBLICA.**CAPÍTULO I: ACTIVIDADES E OBSTÁCULOS NA VÍA PÚBLICA****Artigo 103.- Actividades que afecten á seguridade da circulación.**

1.- A realización de obras, instalacións, colocación de contedores, mobiliario urbano ou calquera outro elemento ou obxecto de forma permanente ou provisional nas vías obxecto desta Ordenanza necesitará a previa autorización municipal e rexeranse polo disposto nesta norma e nas leis de aplicación xeral. As mesmas normas serán aplicables á interrupción das obras, en razón das circunstancias ou características especiais do tráfico que poderá levarse a efecto a petición da Autoridade municipal.

2.- A autorización conterá as condicións da ocupación ou uso, duración, sinalización precisa, así como as demais medidas a adoptar como consecuencia da actividade a realizar.

3.- Prohíbese arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer a libre circulación, parada ou estacionamento, facelo perigoso ou deteriorar aquela ou as súas instalacións, ou producir na mesma ou nas súas inmediacións efectos que modifiquen as condicións apropiadas para circular, parar ou estacionar. Así mesmo, prohíbese arroxar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar á produción de incendios ou, en xeral, poñer en perigo a seguridade viaria.

Os vehículos, especialmente cando se incorporen á vía pública procedentes de obras, desmontes ou fincas de labranza adoptarán as medidas necesarias para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos e aparatos.

4.- Quen creara sobre a vía algún obstáculo ou perigo deberán facelo desaparecer o antes posible, adoptando mentres as medidas necesarias para que poida ser advertido aos demais usuarios e para que non se dificulte a circulación.

5.- Non se poderá ocupar unha vía de dominio público por causa de actividades ou instalacións sen autorización municipal.

6.- Non está permitida a limpeza, lavado ou reparación de vehículos na vía pública.

Artigo 104.- Elementos móbiles e fixos.

1.- Queda prohibida a colocación de elementos móbiles ou fixos na vía pública, entre outros, postes, bolardos, arcos, maceteiros ou similares, calquera que sexa a súa finalidade, sen obter a previa autorización municipal.

2.- A ocupación da vía pública por contedores de lixo, de limpeza viaria ou de reciclaxe, entre outros, realizarase naqueles puntos determinados pola Autoridade Municipal, procurándose a súa colocación nas zonas non destinadas a circulación de vehículos ou viandantes, así como tampouco en pasos de peóns, nin en aqueles espazos reservados para o servizo de determinados usuarios. Cando se considere conveniente pola autoridade competente, cercarase o lugar de colocación mediante elementos fixos, que eviten sexa alterada a súa ubicación.

3.- Queda prohibido cambiar de ubicación os contedores, mobiliario, ciclomotores ou motocicletas, ao obxecto de aparcar vehículos no lugar destes.

4.- Non poderán colocarse obstáculos sobre a vía pública para reservarse o uso da mesma.

Artigo 105.- Retirada de obxectos da vía pública.

1.- Serán retirados inmediatamente da vía pública polo Concello todos aqueles obxectos que se encontren na mesma e non haxa persoa algunha que se faga responsable dos mesmos, os cales serán trasladados ao lugar de depósito autorizado máis próximo.

2.- De igual forma se actuará no caso de que o obxecto entorpeza o tráfico de peóns ou de vehículos, así como se o seu propietario se negara a retiralo de inmediato.

Artigo 106.- Retirada de obstáculos.

1.- A Autoridade Municipal poderá ordenar a retirada de obstáculos na vía pública cando:

- Non se obtivera a correspondente autorización.
- Cando entrañen perigo para os usuarios da vía a prohibición será imperativa.
- A súa colocación devíñera inustificada.
- Teña vencido o prazo de autorización ou non se cumprisen as condicións fixadas na autorización.
- Se estime conveniente atendendo ao interese xeral.

f) Procederese así mesmo á retirada de obxectos, instalacións e obstáculos, con cargo ao Concello, cando, aínda contando coa correspondente licenza municipal, resulte necesario por razóns de seguridade ou hixiénico-sanitarias, así como

cando o requira a realización de obras, celebración de espectáculos, paso de comitivas debidamente autorizadas e outros supostos análogos que xustifiquen motivadamente dita medida.

g) Os lugares reservados para a colocación de colectores, veladores, quioscos, tenderetes e demais elementos urbanos terán a condición de reservas de estacionamento, si estiveran na calzada. Deberán respectarse as prazas de estacionamento reservadas a persoas con mobilidade reducida.

2.- Os seus responsables estarán obrigados á retirada dos obstáculos colocados cando así sexan debidamente requiridos para elo e, de non facelo no prazo concedido, serán desmontados polos Servizos Técnicos Municipais, repercutindo a costa de aqueles os gastos que se produciran.

CAPÍTULO II: OBRAS.

Artigo 107.- Execución e sinalización de obras na vía pública.

A execución de obras na vía pública, sexan municipais ou non, así como os elementos auxiliares das obras autorizadas, deberán realizarse sempre con informe previo favorable do Concello.

Artigo 108.- Sinalización e protección.

a.- As avarías urxentes, que de non ser reparadas de forma inmediata puideran producir graves danos na integridade de bens ou persoas, serán executadas, previa comunicación ás áreas de Urbanismo e Policía Local, que ordenarán a adopción de medidas de protección e sinalización correspondente.

b.- Os responsables da execución das obras, deberán velar polo mantemento e correcto funcionamento dos acoutamentos e sinalización, así como a reposición dos sinais anteriormente existentes, unha vez rematadas as obras.

c.- Cando por razóns de urxencia debidamente xustificada deban facerse obras ou reparacións a cargo do Concello que supoñan o traslado de vehículos debidamente estacionados no lugar da intervención e non se puidera contactar cos seus propietarios, procederase a movelos ao lugar máis preto posible da vía.

d.- Calquera elemento ou obra, que limiten a accesibilidade do espazo libre de uso público deberán sinalizarse e protexerse de maneira que se garanta a seguridade dos peóns e do tráfico, tanto de día como de noite. En calquera caso, deberán respectarse as condicións que determina a normativa vixente de accesibilidade.

CAPÍTULO III: ELEMENTOS AUXILIARES DE OBRA.

Artigo 109.- Dos elementos auxiliares de obras.

1.- Entendese por elementos auxiliares de obras, os andamios, valas, grúas (fixas ou móbiles, sobre camións ou aparellos elevadores autónomos), casetas, marquesiñas, contedores de residuos, ou calquera outra ocupación de espazo público debido a elementos propios da execución de obras e á carga e descarga de materiais das obras. Así mesmo, tamén terán a mesma consideración, aos efectos de ocupación de vía e a súa autorización, os elementos e aparellos necesarios para as labores de limpeza e de mudanza.

Os contedores de obra son recipientes normalizados, especialmente deseñados para ser cargados e descargados sobre vehículos de transporte especial e destinados á recollida de materiais residuais, principalmente escombros de obra.

2.- Nas obras de construción ou remodelación de edificacións, o Concello poderá autorizar:

a) Vaos provisionais, sempre e cando se dispoña dun espazo no interior do solar ou inmovible, susceptible de ser utilizado para realizar labores de carga e descarga.

b) Reservas de espazo provisionais na vía pública, cando carezan de espazos interiores suficientes, para realizar actividades de carga e descarga ou a colocación/instalación de elementos auxiliares de obra, necesarios para a execución ou protección de ditas obras, como poden ser contedores para materiais de construción ou retirada de escombros, valados, andamios, marquesiñas de protección, casetas de obra, e similares.

3.- A colocación de elementos auxiliares de obra na vía pública, requirirá autorización previa do Concello. A colocación/instalación dos mesmos realizarase de acordo co que estableza o documento de autorización.

Serán condicións xenéricas que deben respectar as autorizacións:

- Aviso á Policía: Antes de comezar a ocupación da vía pública coa instalación dos elementos auxiliares de obra, comunicaráselle á Policía Local este feito. Os axentes da autoridade, en función das características físicas do espazo público, poderán dar as instrucións oportunas sobre a seguridade viaria, como son o replanteo máis idóneo da ocupación, a colocación de sinais de tráfico e de seguridade, etc.

- Accesibilidade: A instalación dos elementos auxiliares de obra debe deixar un paso libre mínimo para peóns na beirarrúa de 0,90 m. de ancho, apegado á liña da edificación, segundo o especificado na lexislación de accesibilidade e supresión de barreiras. No caso de que por imposibilidade dos traballos a executar non sexa posible cumprir esta condición, substituirase dito paso por outro semellante nas proximidades, de tal xeito que se permita o paso a persoas con mobilidade reducida.

- Seguridade: Tomaranse as medidas oportunas encamiñadas á seguridade dos viandantes e o menor prexuízo para o tránsito público. A instalación montarase con elementos estables e resistentes que ofrezan a debida seguridade estrutural e, no caso de tratarse dun aparato móbil, este estará debidamente habilitado e autorizado como vehículo e/ou máquina plataforma elevadora, segundo a normativa de aplicación con respecto á seguridade do seu uso. Así mesmo, colocaranse na zona de actuación (beirarrúa e/ou calzada) os elementos precisos de protección que eviten a estancia de peóns na vertical onde resulte posible a caída de materiais con motivo das obras, e colocaranse as debidas sinalizacións de seguridade/perigo. En calquera caso, terase en conta a lexislación aplicable en relación coa seguridade das obras, entre a que se atopa o Real Decreto 1627/1997.

- Responsabilidade: Non se causará danos ao espazo e elementos públicos coa montaxe dos medios auxiliares e as obras. Non obstante, en caso de producirse danos como consecuencia das instalacións e/ou obras, deberanse reparar debidamente, sendo responsable dos mesmos o contratista, o propietario da edificación ou a empresa de montaxe, segundo proceda.

- Tempo e espazo de ocupación: Autorízase a ocupación do espazo público durante o tempo e a superficie de ocupación (m²) solicitados. Concluído o prazo ou tempo autorizado para a ocupación, o espazo público deberá quedar libre de ocupación (instalación retirada), sen prexuízo de poder solicitar unha prórroga do tempo de ocupación ou instar unha nova autorización.

4.- Cando por razóns de interese público se teñan que realizar obras, operacións de limpeza ou acontecementos de índole diversa (espectáculos, festas, transportes especiais, etc.), limitarase o uso ou goce da licenza ou autorización, cando así se requira, tanto antes como despois da autorización da ocupación, podendo ser, incluso, motivo de denegación da licenza para a ocupación.

Artigo 110.- Colocación e retirada de elementos auxiliares de obras.

1.- A colocación e retirada de elementos auxiliares de obra deberá facerse de modo que non obstaculicen a circulación peonil e rodada.

2.- No caso dos contedores, a autorización dará dereito, mentres dure a súa vixencia, a colocar e retirar o contedor tantas veces fose preciso por razón de baleirado.

3.- Os elementos auxiliares deberán ser retirados da vía pública:

- a. Cando remate o tempo da autorización .
- b. Cando existan razóns de interese público, previo requirimento da autoridade municipal.
- c. No caso dos contedores, cando estean cheos, para proceder ao seu baleirado.

4.- Ao retirarse os elementos auxiliares, deberá deixarse en perfectas condicións de limpeza, orde e estética a superficie da vía pública afectada pola súa ocupación. O titular da autorización será responsable do estado da vía pública, así como dos danos causados á mesma.

Artigo 111.- Ubicación na vía pública dos elementos auxiliares de obra.

1.- Sempre que sexa posible situaranse no interior da zona pechada de obras. De non ser posible, os contedores, valados, andamios, grúas ou calquera outro elemento, ocuparán o mínimo espazo público posible e situaranse de maneira preferente, na zona de estacionamento.

2.- Cando os contedores estean situados na calzada:

- d. Situaranse preferentemente diante da obra á que serven ou de non ser posible tan preto como sexa posible.
- e. Deberán colocarse de modo que non impidan a visibilidade dos peóns, e dos vehículos, respectando as distancias establecidas para os estacionamentos polo Regulamento de Circulación estatal.
- f. Non poderán situarse nos pasos de peóns, nin diante deles ou dos vaos e rebaixes para persoas con dificultades de mobilidade, nin en reservas de estacionamento (agás que fose solicitada para esa obra) e paradas.
- g. En ningún caso poderán ser colocados total ou parcialmente sobre as tapas de acceso a servizos públicos, sobre bocas de incendios, alcorques das árbores, elementos que a súa utilización se vexa dificultada en casos de emerxencia.

CAPÍTULO IV: OUTRAS ACTIVIDADES.**Artigo 112.- Probas deportivas, actos culturais, festas populares e análogas. Autorización.**

1.- Todos aqueles actos ou actividades de carácter deportivo, cultural, artístico, festivo ou similares que afecten á calzada, deberán estar provistos da correspondente autorización, a cal deberá contar co informe previo do departamento municipal correspondente, sen prexuízo de outras autorizacións esixidas para a realización do evento.

2.- A solicitude tramitada ante o Concello, concederáse condicionada a que ao remate dos actos as vías deberán quedara libres e expeditas, debendo os titulares da autorización responder dos desperfectos ocasionados no pavimento das calzadas e beirarrúas, e retirar de inmediato calquera instalación ou plataforma colocada como consecuencia do acto celebrado

Artigo 113.- Revogación e suspensión.

As autorizacións citadas concederáse en precario, polo que poderán ser revogadas cando as circunstancias, do tráfico, seguridade, climáticas ou outras debidamente motivadas así o aconsellen.

Se por parte dos organizadores dos eventos non se presentaran os correspondentes permisos, poderán suspenderse as actividades citadas con carácter inmediato

Artigo 114.- Actividades audiovisuais.

1.- Son actividades audiovisuais as de rodaxe ou gravación de películas, programas, documentais, anuncios, vídeos, reportaxes fotográficos ou calquera outro produto audiovisual que se desenvolva na vía pública.

2.- Estarán suxeitas a autorización todas aquelas que implican acotación de espazos públicos, instalación no espazo de elementos propios das gravacións ou a limitación do tránsito peonil e ou rodado. A autorización será vinculante, e nela determinaranse as condicións nas que haberá de realizarse a actividade, duración, horario, elementos a utilizar, vehículos, estacionamento.

Esta autorización non exixe de outros permisos que fosen precisos por normativa para a súa realización.

3.- Non precisarán autorización as actividades de filmación... que utilizando elementos portátiles de man, ou ombreiro, non impliquen as afeccións antes sinaladas para o uso común.

TÍTULO X: INFRACCIÓN E REXIME SANCIONADOR.**Artigo 115.- Órgano competente.**

Será competencia da Alcaldía, ou da Concellería na que aquela delegue, a imposición das sancións por infracción ás normas de circulación cometidas en vías urbanas, así como os preceptos contidos na presente Ordenanza, podendo delegar esta facultade de acordo coa lexislación vixente.

Artigo 116.- Valor probatorio das denuncias dos axentes.

As denuncias dos Axentes da Policía Local, cando exerzan funcións de vixilancia e control da circulación viaria darán fe, salvo proba en contrario, dos feitos denunciados e da identidade de quen os cometeran, así como, no seu caso, da notificación da denuncia, sen prexuízo do deber de aqueles de achegar todos os documentos probatorios que sexan posibles sobre o feito denunciado.

A este respecto, os axentes da Policía Local deberán contar (sempre que sexa posible) con medios fotográficos para poder acreditar en imaxes datadas en día e hora o feito denunciado

De non poder contar coas imaxes probatorias, deberán xustificar a súa inexistencia.

Artigo 117.- Denuncias da cidadanía.

Calquera persoa poderá formular denuncia das infraccións aos preceptos da presente Ordenanza que puidera observar. A dita denuncia non terá presunción de veracidade, pero se é ratificada polo denunciante adquirirá a consideración de proba, que será valorada polo órgano instrutor do expediente.

Artigo 118.- Infraccións da Lei de Tráfico na rede viaria.

As infraccións da Lei de Tráfico cometidas na rede viaria municipal sancionaranse de acordo co establecido na propia Lei.

Artigo 119.- Procedemento administrativo.

1.- O procedemento administrativo para a imposición de sancións por infracción dos preceptos recollidos nesta Ordenanza rexeráse polo Real Decreto Lexislativo 6/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Sobre Tráfico, circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaria, e no seu defecto, na normativa de procedemento administrativo común.

O órgano encargado da instrución destes expedientes sancionadores será a Unidade de instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña, con domicilio na Rúa Archer Milton Huntington, nº 17, 15071-A Coruña, en virtude de adhesión expresa deste concello ás Bases para a prestación de servizos en materia de sancións de tráfico publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 85 do 05/05/2011.

Este órgano será o encargado mentres se manteña vixente o acordo de adhesión .

2.- As infraccións á normativa de utilización do dominio público que non se rexa pola normativa citada no parágrafo anterior serán sancionadas seguindo o procedemento previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común. Neses supostos, o órgano encargado será a unidade administrativa correspondente do Concello de Carballo.

Artigo 120.- Alegacións, escritos e recursos en materia de tráfico e seguridade viaria.

1. Ademais de nos rexistros, oficinas e dependencias previstos no apartado cuarto do artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores en materia de tráfico poderán presentarse nos rexistros, oficinas e dependencias expresamente designados na correspondente denuncia ou resolución sancionadora.

As alegacións, escritos e recursos que se deriven dos procedementos sancionadores material e territorialmente competencia deste concello poderán presentarse nas oficinas de Rexistro da Deputación Provincial da Coruña e decretaranse á Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico do devandito organismo.

Cando se presenten nos rexistros, oficinas ou dependencias non designados expresamente na denuncia ou resolución sancionadora, estes remitiranos á Unidade de Instrución de Sancións Municipais de Tráfico da Deputación Provincial da Coruña o máis axiña posible.

Artigo 121.- Contía das multas en materia de tráfico e seguridade viaria.

1.-O Anexo II desta Ordenanza establece un cadro de infraccións e a súa calificación. As infraccións leves se sancionarán cunha multa de 80 euros. As graves, con multa de 200 euros e as moi graves, con multa de 500 euros.

2.- Aquelas infraccións que non estando explicitamente previstas no Anexo da presente Ordenanza, atópanse tipificadas na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria ou nas súas normas de desenvolvemento e resultasen de competencia municipal polo tipo de vía en que se cometen e pola materia sobre a que versan, serán sancionadas pola Autoridade municipal da seguinte forma, salvo que na citada normativa se indique expresamente outra cosa:

- a) Infraccións leves: multa de 80 euros.
- b) Infraccións graves: multa de 200 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa de 500 euros.

3.- Naqueles supostos nos que o titular dun permiso ou licenza de condución sexa sancionado en firme en vía administrativa pola comisión de algunha das infraccións que, de conformidade coa lexislación vixente a dito efecto, leve aparelada a perda de puntos, comunicarse á Xefatura Provincial de Tráfico, órgano competente para a súa detración.

4.- A competencia para impor a suspensión do permiso ou licenza de condución ou circulación corresponde, en todo caso, ao xefe provincial de Tráfico.

Artigo 122.- Redución por pronto pago.

1.- As multas impostas por infraccións a esta ordenanza poderán ser pagadas cun desconto do 50% de desconto no prazo de 20 días naturais seguintes á notificación da denuncia.

2.- O abono anticipado coa redución anteriormente sinalada implica a renuncia a formular alegacións e a terminación do procedemento sen necesidade de ditar resolución expresa.

Artigo 123.- Pago das multas de tráfico e seguridade viaria.

1.- En virtude da delegación de competencias en materia de recadación de sancións de tráfico acordada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello de Carballo de data 25/04/2011, en favor da Deputación Provincial da Coruña, aceptado en sesión ordinaria do Pleno da institución provincial celebrada o 29/04/2011 –e publicado no D.O.G. nº 7, do 11/01/2012, páxina 1875-, o pago das multas en materia de tráfico e seguridade viaria, tanto ordinario como anticipado, farase efectivo, ante o Servizo de Recadación da Deputación Provincial da Coruña, a través das entidades bancarias colaboradoras del, a través da Oficina Virtual Tributaria no enderezo web www.dicoruna.es ou nas redes de caixeiros habilitados para o pago, así como en calquera outros lugares e medios de pago que habilite o devandito organismo para o pago dos ingresos de dereito público.

2.- As multas que non se aboan durante o procedemento deberanse facer efectivas dentro dos quince días naturais seguintes á data da firmeza da sanción.

3.- Vencido o prazo de ingreso establecido no apartado anterior sen que se satisfixera a multa, a súa exacción levarase a cabo polo procedemento de prema. Para ese efecto, será título executivo a providencia de constrinximento notificada ao debedor, expedida polo órgano competente da administración xestora.

Artigo 124.- Infraccións

1.- Infraccións autobuses

1.1. - Constitúe infracción leve:

a) A utilización de zonas de reserva de estacionamento para parada distintas das que consten na autorización.

1.2.- Son infraccións graves:

a) A utilización de zonas de reserva de estacionamento para parada distintas das que consten na autorización dun xeito reiterado que demostren un cambio de percorrido do vehículo non autorizado.

b) A utilización das zonas de reserva de estacionamento para parada carecendo absolutamente de autorización para ningunha delas.

c) A parada fóra das zonas habilitadas sen autorización nin causa xustificada, sen prexuízo da súa tipificación segundo a normativa de tráfico.

d) A comisión, nun período de 3 meses, de máis de 3 infraccións simples.

e) O cambio dos percorridos urbanos dos vehículos que non foran comunicados á Administración municipal.

1.3.- Son infraccións moi graves:

a) A comisión, nun período de 3 meses, de máis de 2 infraccións graves ou de máis de 6 infraccións simples.

b) O establecemento ilegal de paradas (pintado horizontal, etc...).

1.4.- Cando exista confluencia nun feito que puidera ser cualificado como infracción pola presente Sección e como infracción en materia de tráfico e seguridade viaria, terá preferencia a súa cualificación como infracción de tráfico.

2.- Infraccións zona azul

2.1.- As infraccións previstas para o estacionamento en zona azul son:

Infraccións leves

a) Estacionar en zona limitada e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control.

b) Estacionar en zona limitada sen ter colocado no vehículo o disco de control, ou elemento que o substitúa á vista.

c) Estacionar en zona limitada e ter o disco de control, ou elemento que o substitúa colocado de forma non lexible.

d) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa, cun horario distinto ao da chegada efectiva.

e) Estacionar en zona limitada e modificar o horario no disco de control, ou elemento que o substitúa sen retirar o vehículo a máis de 250 mts. do lugar de chegada.

2.2.- Medidas cautelares.

1.- Sen prexuízo da denuncia correspondente, o Concello poderá adoptar, nos supostos de infracción previstos no apartado anterior, as medidas cautelares seguintes:

a) A inmovilización do vehículo en tanto non se identifique ao seu condutor.

b) A retirada do vehículo da vía pública e u seu traslado ao depósito Municipal.

2.- Os axentes encargados da vixilancia en zona azul poderán requirir o servizo do guindastre municipal ou, se é o caso, do privado, para retirar o vehículo que incumpra as normas na presente ordenanza, cando se dea un dos seguintes supostos:

a) Sobrepasar no dobre o tempo máximo autorizado segundo a hora reflectida no disco de control ou noutro medio que o substitúa.

b) Carecer de disco de control á vista, ou doutro modo que o substitúa.

3.- Infraccións en materia de carga e descarga.

3.1.- A realización de labores de carga/descarga fóra das zonas habilitadas específica ou accidentalmente ao efecto, segundo o sinalado nesta Ordenanza, poderá constituír, ademais das infraccións tipificadas neste artigo pola utilización indebida do dominio público local, unha infracción da normativa vixente sobre tráfico e seguridade viaria, sen prexuízo da demais normativa que resulte aplicable. Será de aplicación preferente, en caso de conflito, a normativa sancionadora de tráfico.

3.2.- Constitúen infraccións leves:

-O depósito provisional das mercadorías que constituén a carga na beirarrúa ou na vía no curso das operacións de carga/descarga, cando supoña un obstáculo ao tráfico de peóns ou vehículos.

3.3.- Constitúen infraccións graves:

a) O uso das zonas de reserva sen autorización concreta para esta, en caso de precisala

b) Estacionar nas zonas de carga e descarga. A estes efectos, presúmese que un vehículo se atopa estacionado cando non se atopa seu condutor nas proximidades, ou cando permanece durante máis de 20 minutos na zona sen realizar operacións de carga/descarga.

c) Situar os aparellos auxiliares de carga/descarga ocupando prazas de estacionamento ou entorpecendo a utilización da zona a outros usuarios.

d) Incumprir os horarios establecidos coma de reserva, realizando operacións de carga/descarga nas zonas autorizadas fóra dos límites horarios impostos.

e) Reservar espazo provisional para carga e descarga ou colocación/instalación de elementos auxiliares de obra sen autorización previa.

f) A comisión, nun prazo de 6 meses, de máis de 3 infraccións leves.

4.- Constitúen infraccións moi graves:

a) A reprodución fraudulenta da sinalización vertical ou horizontal das zonas, establecendo nas vías públicas zonas sen estaren debidamente establecidas nos termos desta ordenanza.

b) A comisión, nun período de un ano, de máis de 3 infraccións graves.

4.- Infraccións en materia de actividades na vía pública

Considéranse infraccións graves:

a) Ocupar a vía pública sen a correspondente autorización municipal

b) Arrojar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer o funcionamento normal da vía pública

c) Limpar, lavar ou reparar vehículos na vía pública

d) Colocación de elementos móbiles ou fixos na vía pública sen autorización municipal

e) Non cumprir as condicións fixadas na autorización

f) Incumprir as condicións da autorización para os elementos auxiliares

Considéranse infraccións moi graves:

a) Carecer de sinalización ou protección adecuada da obra en vía pública

b) A comisión, nun período de 3 meses, de máis de 2 infraccións graves

5.- O Anexo II recolle un cadro de infraccións en materia de tráfico e seguridade vial previstas na presente ordenanza. Aquelas infraccións que non estean explicitamente previstas neste anexo serán sancionadas coas multas dispostas na normativa estatal sobre esta materia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Unha vez entre en vigor a presente norma, quedará derrogada a Ordenanza Xeral sobre circulación e utilización das vías públicas do Concello de Carballo, aprobada na sesión ordinaria do Pleno da Corporación celebrada o 28/05/2012 (cuxo texto íntegro foi publicado no B.O.P. nº 147, do 03/08/2012), a excepción do capítulo terceiro do Título III.- "Das terrazas de hostalería", que seguirá en vigor.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Os procedementos iniciados en aplicación da normativa que se derroga coa presente Ordenanza seguiranse a tramitar consonte á normativa anterior, agás no relativo ao se réxime sancionador, no que se aplicará aquel que resulte máis favorable ao presunto responsable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado o texto íntegro da mesma no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

ANEXO I : SINALIZACIÓN ZONA AZUL

O formato dos sinais verticais consiste nunha placa de 0,60 x 0,90 cm na que estará inscrito o sinal de prohibición, unha banda de cor amarela coa lenda Zona Azul e un símbolo que fai referencia á Zona Azul; na parte baixa as indicacións específicas e o horario de funcionamento.

A lenda do sinal será a seguinte:

Indique a hora de chegada:

De luns a venres de 9:00 a 13:30 e de 15:30 a 20:00 .

Sábados de 9:00 a 13:30 h.

Estacionamento limitado máximo: 1,30 h.

Este modelo unha vez que a ordenanza estea en vigor, poderá ser modificado por resolución de alcaldía.

ANEXO II: CADRO DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS EN MATERIA DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL**ANEXO INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

| Infracción (L=leve, G=grave, MG= moi grave) | Art. OM | Tipo |
|---|------------|-----------|
| Incumprir os peóns as normas de circulación | 9 | L |
| Actuar os usuarios da rede viaria con agresividade verbal ou falta de civismo na circulación de vehículos e persoas | 10 | L |
| Circular con un vehículo que supere a masa máxima autorizada segundo o tipo de vía | 11,2 13.4 | G |
| Circular sen autorización pro vías de tráfico restrinxido ou peonís | 13 20 | G |
| Acceder a rúas de tráfico restrinxido ou peonís por vehículos non autorizados | 20,1 | G |
| Exceso na emisión de gases ou ruído por vehículos a motor ou maquinaria de obra | 24,1 | G |
| Non colaborar no control da detección de emisións de ruído ou gases de vehículos e maquinaria | 24,1 | G |
| Derramar líquidos ou fluídos na rede viaria por vehículos a motor ou maquinaria ou da súa carga. Si a acción fose negligente ou voluntaria Si a mancha non é sinalizada podendo causar accidentes | 24,5 | L/G MG |
| Abrir as portas de un vehículo a motor sen cerciorarse de quen non se aproxima ningunha persoa ou vehículo que poda ser afectado. Se con tal acción se causase un accidente ou se puxera en perigo a integridade física de un peón ou de un ciclista | 26,4 | L G |
| Conducir un vehículo a motor non gardando a separación lateral de 1,5 con un ciclista | 26,5 | G |
| Conducir un vehículo a motor acosando a un ciclista | 26,6 | G |
| Circular os ciclistas non respectando a prioridade do peón | 28,1 | L |
| Circular o ciclista levantando un roda por vías abertas ao tráfico xeral | 28,1 | G |
| Circular un ciclista remolcado por un vehículo a motor | 28,1 | G |
| Incumprir os condutores de bicicletas, triciclos, VMP, as normas de circulación ,salvo infraccións cualificadas como graves | 28,1 31 | L |
| Circular un ciclista en contra da dirección | 28,4 | G |
| Circular os maiores de 12 anos en bicicleta pola beirarrúa ou por zonas peonís | 28,9 | L |
| Non apearse da bici con densidade de tráfico peonil ou con densidade peonil | 28,13 | L |

| Infracción (L=leve, G=grave, MG= moi grave) | Art. OM | Tipo |
|--|--------------|------|
| Atravesar un peón a calzada ou vía ciclista sen a máxima dilixencia, perturbando, entorpecendo aos demais usuarios da vía, ou fóra do paso sinalizado | 28,14 | L |
| Incumprir as normas de transporte de persoas nunha bicicleta. | 29 | G |
| Incumprir as normas de transporte de mercadoría nunha bicicleta | | L |
| Conducir unha bicicleta con remolque transportando a máis persoas das autorizadas ou transportando persoas en condicións de mala visibilidade | 29,3 | G |
| Incumprir os usuarios/as de aparatos de mobilidade persoal as normas previstas na Ordenanza | 31 | L |
| Circular vehículos ou transportes especiais sen autorización ou incumprindo as condicións nela establecidas | 33 | MG |
| Utilizar o autobús as zonas de reserva de estacionamento para parada carecendo absolutamente de autorización para ningunha delas | 37 - 124 | G |
| Cambiar os percorridos urbanos dos vehículos sen comunicación á administración municipal | 38 - 124 | G |
| Utilizar o autobús zonas de reserva de estacionamento para paradas distintas das que constan na autorización | 42 - 124 | L |
| Utilizar o autobús as zonas de reserva de estacionamento para paradas distintas das que consten na autorización dun xeito reiterado que demostren un cambio de percorrido do vehículo non autorizado | 42 - 124 | G |
| Parar o autobús fóra das zonas habilitadas sen autorización nin causa xustificada, sen prexuízo da súa tipificación segundo a normativa de tráfico | 42 - 124 | G |
| Incumprir as normas de sinalización e regulación do tráfico por particulares en eventos | 50 | L |
| Incumprir as prohibicións sobre instalación, substitución ou retirada de sinais de tráfico | 51,1 | G |
| Incumprir as prohibicións de parada | 61 | L |
| Incumprir as prohibicións de estacionamento vehículos | 64 | G |
| Incumprir as normas de estacionamento de motos e ciclomotores | 64 | L |
| Incumprir as normas de estacionamento de bicicletas | 65,3 | L |
| Estacionar en zona azul, sen ter colocado no vehículo o disco de control ou medio que o substitúa, á vista | 77-78 124 | L |
| Estacionar en zona azul e sobrepasar o tempo máximo autorizado reflectido no disco de control ou elemento que o substitúa | 77-78 124 | L |
| Estacionar en zona azul e ter o disco de control, ou elemento que o substitúa, colocado de forma non lexible | 77-78 124 | L |
| Estacionar en zona azul e marcar no disco de control, ou elemento que o substitúa, un horario distinto ao de chegada | 77-78 124 | L |
| Estacionar en zona azul e modificar o horario no disco de control ou elemento que o substitúa sen retirar o vehículo a máis de 250 mts do lugar de chegada | 77-78 124 | L |
| Carecer de autorización para entrada de vehículos ou vao | 79 81 | G |
| Incumprir o titular do vao das súas obrigas de limpeza e mantemento | 80,a | L |
| Carecer da sinalización oficial da entrada de vehículo | 81,b | L |
| Instalar a sinalización de vao sen a correspondente autorización | 83 | G |
| Incumprir os horarios establecidos como de reserva de carga e descarga | 92.3 - 124 | G |
| Parar ou estacionar nas zonas sinalizadas para operacións de carga e descarga | 92.3 - 124 | G |
| Incumprir as normas sobre mudanza na vía pública | 92,6 | G |
| Situar os aparellos auxiliares de carga/descarga ocupando prazas de estacionamento ou entorpecendo a utilización da zona | 93 - 124 | G |
| Reservar espazo provisional para carga e descarga ou colocación/instalación de elementos auxiliares de obra sen autorización previa | 94 - 124 | G |
| Estacionar vehículos na vía pública fóra de uso ou en estado de abandono | 102 | MG |
| Ocupar o dominio público municipal sen a correspondente autorización | 103 | G |
| Ocupación en zonas non autorizadas de beirarrúas e zonas peonís por mobiliario urbano ou actividades | 103 | G |
| Incumprir as condicións fixadas na autorización en actividades na vía pública que afecten á seguridade da circulación | 103,2 106 | G |
| Arroxar, depositar ou abandonar sobre a vía substancias ou materiais que poidan entorpecer o funcionamento normal da vía pública | 103,3 | G |
| Incorporarse á vía pública dende obras, desmontes ou fincas de labranza sen adoptar as medidas precisas para manter as vías limpas de terra, barro ou outros materiais, obxectos ou aparatos. | 103,3 | G |

| Infracción (L=leve, G=grave, MG= moi grave) | Art. OM | Tipo |
|--|---------|------|
| Arroxar á vía ou nas súas inmediacións calquera obxecto que poida dar lugar a produción de incendios ou, en xeral, poñer en perigo a seguridade cidadá | 103,4 | G |
| Ocupar a vía pública por causa de actividades ou instalacións sen autorización | 103.5 | G |
| Limpar, lavar ou reparar vehículos na vía pública | 103,6 | G |
| Colocación de obstáculos ou obxectos na vía pública que dificulten a circulación ou dificulten a visión dos sinais de tráfico. | 104 | G |
| Se a obstaculización é grave ou impide a visión dos sinais | 108,d | MG |
| Colocar e/ou cambiar a situación de elementos móbiles e/ou fixos sen autorización | 104 | G |
| Carecer de autorización para colocar obstáculo ou obxecto na vía | 106 | G |
| Non retirar os obxectos depositados na vía pública tendo requirimento previo da autoridade municipal | 106 | MG |
| Executar obras na vía públicas, sen os permisos municipais | 107 | MG |
| Non sinalizar os obxectos colocados na vía pública con ou sen autorización | 108 | MG |
| Carecer de sinalización ou protección adecuada da obra en vía pública | 108 | MG |
| Executar obras na vía pública sen sinalización | 108,b | G |
| Incumprir as condicións da autorización para os elementos auxiliares | 110 | G |
| Incumprir as normas da Ordenanza sobre probas deportivas, actos culturais, festas e análogas | 112 | MG |
| Incumprir as normas sobre actividades audiovisuais establecidas na Ordenanza | 114 | MG |

Carballo, 5 de marzo de 2019

O Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

2019/1772